

XVIII Certame Literario

Concello de Paradela

Premios poesía e narrativa

*Manuel-Oreste
Rodríguez-López*

XVII
Certame
Literario

Concello de Paradela

Premios poesía e narrativa

Manuel-Oreste
Rodríguez-López

O escrito do Alcalde

O Certame Literario Manuel Rodríguez López, converteuse nun dos alicerces máis importantes da cultura galega, coido que hai poucos certames na nosa comunidade e incluso na nación que acadan semellante nivel de participación.

Esta XVII edición que aquí presentamos orixinouse cun balanxe tan extraordinario que acadou 958 obras presentadas, case que un millar, pertencentes a autores espallados por todo o mundo da cultura galega e española. Este éxito non podería existir sen a vontade do noso poeta, que deixou explicitamente acreditada, “a vontade de traballar en exclusiva pola cultura”. Así que Manolo, non só logras o teu proxecto, senón que segues a ser un dos grandes comunicadores, facendo que a través túa América e Europa dun xeito especial, teñan ese nexo común a través da palabra, reflectida neste milleiro de traballos, que dan testemuña escrita, para a súa interacción cultural.

O pensamento e o coñecemento operan grazas a estas obras, que inciden entre a realidade e a súa interpretación, facendo posible a reflexión e dela a interacción cultural, non só entre cidadáns senón entre pobos e nacións que poñen de manifesto as súas peculiaridades e problemáticas actuais. Como exemplo, Erick Hernández Morá, (La Habana, 1973) coa obra “Por la residencia aguantamos” con oito folios exemplariza a actualidade americana en forma de carta ao Presidente Obama.

Foron tantos os concursantes que o xurado despois de verse abraiado pola cantidade, sucedeulle o mesmo coa calidade, polo que nos vimos na obriga de engadir dous accésits en cada unha das modalidades e dúas mencións de honra tanto en narrativa como en Poesía.

Como se pode comprobar, o certame segue rompendo moldes e é hoxe un referente no mundo, grazas á figura do noso fillo pre dilecto Manuel Oreste Rodríguez López.

de Paradela

Sólo me resta, felicitar aos gañadores e agradecer o traballo do xurado e dos empregados municipais que tiveron que facer un laborinxente para poder editar este traballo, xa que un total de 886 obras entraron por correo electrónico.

Estamos no bo camiño e seguiremos a traballar a prol da cultura como testemuñas do singular personaxe que hoxe homenaxeamos, facendo o que a el máis lle gustaría.

Paradela, 4 de decembro de 2012

José Manuel Mato Díaz,
Alcalde de Paradela.

Dazasete anos levaba repousando, protexido por uns libros, no andel dunha pequena biblioteca. Asemellaba que o libriño de 24 páxinas estaba agarzándome para viaxar no tempo. Silandeiro convidóume a que lle prestase atención sabendo que era testemuño do que se iniciou con moita ilusión.

Na portada anúnciase "I CERTAME LITERARIO - CONCELLO DE PARADELA PREMIO POESÍA E NARRATIVA - MANUEL ORESTE RODRÍGUEZ LÓPEZ -PARADELA (LUGO) ano 1995. Na contraportada unha foto de Manolo dá a benvida e de seguido o Alcalde do Concello, Xosé Manuel Mato Díaz asina un limiar cheo de gabanza para a persoa e obra literaria de Manuel Oreste Rodríguez López, nomeado "FILLO PREDILECTO DE PARADELA" o 4 de novembro do 1990, destacando que se otorgou co "recoñecemento público xenerosamente merecido". Naceu así o "PREMIO LITERARIO MANUEL ORESTE RODRÍGUEZ LÓPEZ" no 1995.

Entre as follas que fun repasando, especialmente da biografía do noso homenaxeado e o seu labor literario, atopei un tríptico coas bases para o II Certame -ano 1996-. É aúa beira, unha garimosa carta que o seu fillo Santi enviouno o 17 de novembro do 1996, da cal subliño "... o noso amigo Xosé Manuel Mato, que fai trascender, coma vós (refírese ós socios de "O Penedo" -Fogar Galego) a amistade de cara o meu pai, mantendo permanentemente vivo o seu recordo". -Se transcribo estes comentarios é para reafirmar unha frase da misiva de Santi "...mantendo permanentemente vivo o seu recordo", e así o fago eu dándolle voltas á roda da memoria e das vivencias desde 1978, ano en que regresei do Uruguay.

Eu lembro a Manuel Oreste Rodríguez López, benquerido amigo meu, que non cortou o "cordón umbilical" coa Terra, coas súas xentes e as súas inquedanzas e creceu alimentando un compromiso coa súa procedencia. Penso que máis dunha vez aquel emigrante arrincado de neno da súa aldea, cun corazón tenro e inmaturo na formación, cunha lingua allea, cantarouxou esa cantiga que di "no soy de aquí, ni soy de allá" e nos ollos aparecía a brétema da nostalxia.

Penso naquel inquieto estudante de Humanidades e Filosofía en Barcelona, que soubo desenvolverse na canle da creación literaria e contarlle ó mundo, especialmente ós galegos, todo o que sentía, todo o que soñaba, todo o que lle pedía á vida e nese camiño avanzar co seu pobo. Non era o voo da bolboreta, nin inxenua esperanza, era cumprida aspiración dos que teñen concencia de progreso e superación. E por ese esforzo, por ese agasallo que elaborou para os sentimentos, polo ensino que espallou, foi premiado e aplaudido en diversos Centros culturais de dentro e fora de Galicia.

Manuel Oreste Rodríguez López

Por Folanda Díaz Gallego

Penso no cronista por vocación, fiel á terra de nacencia, que soubo facerse respectar e escoltar e cumpliu a difícil misión de vencellar a Galicia con Catalunya e a Catalunya con Galicia, interpretando e relatando obxectivamente o sentir das xentes e os vaivéns conxunturais dos seus Gobernos autonómicos, convertíndose en ocasións, partícipe de confidencias. Caladiñamente sorría, preguntaba amodiño e prestaba atención a todo o que bulía, sen espartos. Era discreto, sabía estar e sabía agradecer.

Convertíuse nun comunicador do vivir cotián dos galegos do exterior, da emigración, da diáspora, a quenes retratou nos seus libros "Galegos en Catalunya". Allo á liña espida dos intereses enfrentados. Ben recibido en tódalas Asociacións socio-culturais, cuxas Xuntas Directivas, en datas significativas, recoñeceron o seu traballo no eido da cultura e agradeceron o servicio prestado.- "O Penedo" -Fogar Galego, despois que Rodríguez López viaxou cara o Alén, visitou o Cemiterio de Adai, na compañía da súa dona Irene e fillos, para ofrendarlle o seu recordo inesquecible.

Os seus escritos cruzaron o Atlántico e na "Galicia ideal" apoiaron os seus pensamentos.

Cómpre sinalar outras facetas que, ó meu entender, conforman un todo, como xornalista era un home tranquilo, observador, de verba precisa e amable trato, pola outra banda, difere desta actitude, dun xeito salientable, cando nos detemos no seu mundo coma escritor, xa sexa na narrativa ou na poesía, na que a idea convírtese nunha mensaxe meditada, a palabra ten un valor concreto e se a mistura coa tenrura, alumea o pensamento na búsqueda dun mundo mellor, con alegrías e soildades, con amor e desamor e a paixón do espertar.- Detéñense tamén na realidade inxusta que preme o corazón da humanidade e tende a man ó irmán asoballado. Así o comprenderon os cantautores que musicalizaron algúns dos seus poemas.

Deixa a emoción da lonxanía para adicarse ó que ten preto e finca a pluma no seu libro "SOLDADA MÍNIMA" cun laio social longo, berro de denuncia no frigor da fábrica e angustia da incerteza no traballo. Reflicte as súas vivencias.

Manuel Oreste Rodríguez López agarda coa humildade do home de ben, porque coa súa modestia sabe que sementou, que axudou a que o froito xermole e haberá primavera naquela Terra de nacencia pola que ..."mantivo permanentemente vivo o seu recordo".

Iolanda Díaz Gallego
Barcelona, setembro 2012.

Manuel Rodríguez López,

Presentación

Coa intención de que o noso escritor teña unha das mellores páxinas web entre os escritores galegos, estase a desenvolver unha web que reflicte a vida e a obra de MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, escritor galego en Cataluña, considerado por Ferrín "un dos máis importantes escritores social-realistas galegos".



Descripción

Os contidos da web de MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ están organizados segundo o seguinte esquema:

Manolo Rodríguez

Biografía e currículo completo

Toda a súa producción literaria, tanto publicada como inédita

Colaboracións en libros e revistas

Correspondencia con destacados persoeiros

Manuscritos das súas obras

Gravacións (audio e video) de poemas recitados por Manolo Rodríguez

Conferencias lidas en diversos eventos

Gravacións (audio e video) de presentacións dos seus libros

Premios de Poesía e Prosa

Amigos

Opinións de persoeiros sobre Manuel Rodríguez López

Artigos na prensa tralo seu pasamento

Poemas musicados e recitados por amigos

Traballos sobre Manolo Rodríguez e traducións das súas obras

Retratos

Adicotorias

emigrante galego, poeta obreiro

www.manuelrodriguezlopez.org

Certame Literario

- Toda a información sobre o Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López
- Libros completos de todas as edicións
- Listado de premiados
- Gravacións (vídeo) dos actos de entrega de premios
- Recortes de prensa

Multimedia

- Unha extensa base de datos multimedia sobre Manuel Rodríguez López, que contén centos de documentos en audio, vídeo, fotografías e recortes de prensa.

Outras Características

Esta plataforma conta ademais cun potente buscador que permitirá localizar rapidamente calquera contido dentro desta grande base de datos sobre Manolo Rodríguez.

A web de Manuel Rodríguez López porá ó dispor de todos os usuarios toda esta información en catro idiomas: galego, castelán, catalán e inglés.

Por último, destacar que este proxecto non pretende construír un sitio pechado, senón que está aberto á colaboración de todos os internautas que poden aportar os seus comentarios, opinións e colaboracións, que aparecerán tamén na web.

Entidades Participantes

Proxecto desenvolvido por

GaliciaDigital (www.galiciadigital.com)

Promovido por

Familia de Manuel Rodríguez López

Concello de Paradela

Coa inestimable colaboración de

Xunta de Galicia - Secretaría Xeral de Política Lingüística

Exma. Deputación Provincial de Lugo - Vicepresidencia Primeira



CONCELLO DE
PARADELA



XUNTA
DE GALICIA



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



XVII Edición do Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López.

PRIMEIRA: Participantes.

Poderán concorrer anualmente ao certame literario Manuel-Oreste Rodríguez López, todo os autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade.

SEGUNDA: Requisitos das obras.

Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo. As obras de poesía terá unha extensión máxima de 100 versos. En ambos casos, mecanografiadas (ou a ordenador) e a dobre espazo. Deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán, debendo estar rematadas con carácter previo á convocatoria.

TERCEIRA: Presentación das obras.

O prazo de entrega dos relatos e da obra poética rematará o trinta de novembro de dous mil once. As obras enviaranse por sextuplicado exemplar, sen sartura e cun lema, ao seguinte enderezo:

CONCELLO DE PARADELA
Certame Literario
(Modalidade Poesía / Narrativa)
Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradela (Lugo)

En sobre aparte e pechado, constará o lema que distinga o traballo, e no interior o nome e apelidos do autor/a, domicilio, teléfono, poboación de residencia, declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda. Abriranse soamente os sobres dos traballos premiados.

No caso de que as obras se remitan mediante correo electrónico, á conta concello.paradela@eidolocal.es, deberán enviarse dous arquivos, un co contido da obra e outro onde constará o lema que distinga o traballo, no que conterá, no seu interior, o nome e apelidos do autor/a, domicilio, teléfono, poboación de residencia, e declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda.

Este segundo arquivo será custodiado pola Secretaría do Concello, entregando únicamente ao Xurado a obra e o lema da mesma.

No caso de participación en ambos apartados; deberase concursar en cada modalidade por separado, utilizando un lema propio en cada caso e presentando a obra por separado.

Conforme ao disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de forma confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Paradela rela-

cionados con este trámite, coa finalidade de utilizarlos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rrexistro Xeral do Concello.

CUARTA: Premios.

Establécese un Premio de seiscientos euros (600,00 €) para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de poesía e outro de seiscientos euros (600,00 €) para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de narrativa.

O xurado reservase a facultade de conceder os accesits (carentes de dotación económica), que estime oportunos.

O autor ou autores premiados convocaranse ao acto de entrega de premios, o día que estableza o xurado.

QUINTA: Fallo do Xurado.

O Xurado designado polo Concello de Paradela emitirá o seu fallo no mes de abril de 2012 e farase público polos medios de comunicación; comunicándose persoalmente aos gañadores.

O Xurado pode deixar deserto o premio nun ou nos dous apartados; e a súa decisión será inapelable.

SEXTA: Dereitos sobre as obras presentadas.

O Concello de Paradela resérvase, en exclusiva, o dereito de edición das obras premiadas e accesits durante o prazo máximo de doce meses, contados desde o momento do fallo.

As obras non premiadas, así como as súas correspondentes plicas, non serán devoltas, sendo destruídas despois da proclamación de gañadores do certame literario Manuel Oreste Rodríguez López-2011.

SÉTIMA: Prerrogativas.

A resolución de todas as cuestións que poidan xurdir ou formularse nesta convocatoria son de exclusiva competencia do Concello de Paradela e do Xurado.

Paradela 2011

Reunidos no Salón de Sesións do Exmo. Concello de Paradela, sendo as doce horas e quince minutos do día vinte e sete de abril de dous mil doce, o xurado formado polos Señores D. José Manuel Mato Díaz, Alcalde do Concello de Paradela como Presidente; D. José Carlos Rodríguez Andina Xefe de Servizo da Área de Cultura da Xunta de Galicia); D. Santiago Rodríguez López (Filho do homenaxeado); D. Xesús Mato Mato (Crego); D. Xulio Xiz Ramil (escritor e xornalista); e D. Xavier Rodríguez Barrio (poeta) como vogais; e D. José López González, Secretario do Concello de Paradela, que da fe do acto.

Constituído o xurado en forma e coa ausencia de D. Xavier Rodríguez Barrio e D. Santiago Rodríguez López, procedeuse a efectuar unha valoración da evolución experimentada polo Certame Literario dende a súa creación, cumprindo a súa XVII Edición, orixinando un balance extraordinario, tendo en conta a dotación económica do premio; debido a presentación de novecentas cincuenta e oito obras (958), o que supuxo que nesta edición se quintuplicase a media de obras presentadas nas anteriores edicións, un feito histórico, pero de seguro tamén unha das participacións más altas de cantos certames se organizan no país; excelente non só polo número senón tamén pola calidade das mesmas.

Das novecentas cincuenta e oito obras (958) obras, catrocentas vinte (420) corresponden a categoría de poesía e cincocentas trinta e oito (538) a de narrativa. Debido o gran número de obras remitidas dende o extranxeiro, especialmente de toda América, hai unha maioría de obras redactadas en castelán.

Resaltar o feito de que a maior parte das obras, en concreto, oitocentas oitenta e seis (886) foron presentadas a través de medios telemáticos, o que se traduce na evolución e adaptación do Certame aos tempos que corren e o esforzo do Concello en facilitar aos autores os medios de presentación das súas creacións; así coma o traballo de organización para asegurar que todas as obras presentadas chegaran ás mans dos membros do xurado.

Suliñar especialmente este ano o esforzo e a dificultade do Xurado ao ter que valorar este número tan elevado de obras, nas que non só as premiadas senón outro bo número delas destacan pola súa calidade e por iso se decidiu outorgar por primeira vez, en ambas categorías, dúas mencións de honra.

A continuación o xurado procedeu a calificar as obras presentadas e atopadas conforme as bases no seu día aprobadas.

O xurado por unanimidade dos membros presentes, acorda:

Fallo do xurado

Acta de constitución

"XVII Edición Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López"

PRIMEIRO.- Outorgar o premio de POESÍA, á obra presentada baixo o lema "Epicteto", titulada SIETE SONETOS PARA EL MAR. Aberto o sobre comprobase que a obra pertence a Don José Antonio Repeto González de Jerez de la Frontera (Cádiz).

Asimesmo, o Xurado acorda outorgar tres Accésit no apartado de POESÍA.

- Accésit, á obra co lema e título ESPERTO CARA VEIS MOLLADOS. Aberto o sobre comprobase que a obra pertence a Don Xosé Otero Canto de Lugo.
- Accésit, á obra presentada baixo o lema "Nerbo", titulada MANUEL. Aberto o sobre, comprobase que a obra pertence a Don Marcial González Vigo de Lugo.

As mencións de Honra recaeron, na obra titulada FEDERICO cuxa autora é Dona Margarita Souvirón López de Málaga e a obra baixo o lema "Calíope", titulada POLIFONÍA LITERARIA EN SI MAIOR pertencente a Dona Yoli López de Ourense e residente en Madrid.

SEGUNDO.- Outorgar o premio de NARRATIVA, á obra presentada baixo o pseudónimo "Marcos Sánchez" e titulada POR LA RESIDENCIA AGUANTAMOS. Aberto o sobre comprobase que a obra pertence a Don Erick Hernández Mora de nacionalidade cubana e residente en Miami (Estados Unidos).

Asimesmo, o Xurado acorda outorgar dous Accésit no apartado de NARRATIVA

- Accésit, á obra presentada baixo o lema "O Canteiro" e co título A MOEDA DE PEDRA. Aberto o sobre, comprobase que o seu autor é Don José Reinaldo Pol García (Pepe Pol) de Montefurado-Quiroga.
- Accésit, á obra presentada baixo o lema "Penélope", título ULISES VOLTA DAS ILLAS. Aberto o sobre, comprobase que a obra pertence a Don Xaime Domínguez Toxo de Pontevedra.

As dúas mencións de Honra recaeron na obra baixo o lema e título LA ISLA DE SAN SIMÓN cuxa autora é Dona Sofía Rodríguez Suárez de Fornelos da Ribeira-Salvaterra de Miño (Pontevedra) e a obra baixo o lema "Adamar" e titulada A NOVENA ONDA pertencente a Don Marcos Dios Almeida de Vilaboa (Pontevedra).

E para constancia do tratado, levantase a presente acta por sextuplicado exemplar, que é asinado por todos os membros, en Paradela na data arriba indicada, sendo as trece horas e quince minutos, do que eu, como Secretario dou fe.

Premio Poesía



José Antonio Repeto González

Nacido en 1956 en Jerez de la Frontera, donde reside. Abogado y funcionario del Ayuntamiento de dicha ciudad. Preferencias por el relato corto y la poesía. Lector de Cervantes, Quevedo, Stendhal, García Márquez, Delibes, Cela. Finalista del I Certamen de relato corto Luis Adaro, Accesit en el IV Certamen de Relatos Almiar. Segundo premio del certamen de relato corto Acuda. Primer premio en el VIII Certamen de Poesía de Herencia. Primer premio en el 17º edición del certamen literario Manuel Oreste Rodríguez López, de Paredela, en la modalidad de poesía. Primer premio en el XXIX Certamen de Poesía Federico García Lorca, de Barcelona.

Siete sonetos para el mar

José Antonio Repeto González

MI VIDA SIN EL MAR

Qué fuera de mi vida sin el mar:
que aunque vivo apartado de su aliento,
sé que lo tengo cerca y me alimento
con la ilusión del pronto regresar.

No pudiera vivir sin su bramar:
que si bien su sonido aquí no siento,
su rumor viene tácito en el viento
que remueve las ramas del pinar.

Mar de mi infancia, litoral dorado,
cintas iluminadas de albas lunas;
mar de mi mocedad, amor colmado,

algas de fiel verdor, calientes dunas;
mar de mi granazón, sueño preciado,
vocero de mis íntimas fortunas.

AÑORANZA DEL MAR

Pasará la ceniza, el incensario,
las ferias de alborozos vinolentos,
las cruces pueblerinas, los lamentos
que trae la primavera en su dietario.

Entonces volveré a tu milenario
rumor, a tus salados gozamientos,

a tus bravos y airados barloventos
que enervan mi sosiego solitario.

Y aspiraré la yerba de tus senos
de arena clara, pura, acogedora,
menuda y cálida como un regazo.

Y buscaré tus ángulos obscenos,
la helada conmoción, la seductora
fricción de tu benéfico sargazo.

ANUNCIO DEL VERANO

Impetuosa la mar, balada oscura,
el viento del ocaso humedecido,
el jazmín cauteloso, entremetido,
el rosal orgulloso en rosa pura.

La luna en silencioso son se apura,
al compás de la cuerda y del quejido,
y la dama, al notar mí ser dolido,
me regala su aroma y su cordura.

Ya te siento, estación de las cigarras,
enclavado en mi pérgola de ensueños,
esperando ver sueltas mis amarras.

En la noche mis versos son los dueños—
entre voces rajadas y guitarras:
preludio de furores agosteños.

Siete sonetos para el mar

A RAFAEL ALBERTI

Y yo, tan cerca siempre de tu mar,
no supe ver que el viento en la escollera
hace volar la blusa marinera,
y que es nieve salada el salinar.

No me di cuenta entonces que un cantar
se hace con una estrella volandera,
con un dolor lejano a la ribera,
con un jirón de vela por soñar.

Mis pasos aprendí en tu misma espuma,
desterrado poeta de las grutas
que cobijan moluscos y sirenas.

Pero no me enseñaron que mi pluma
pudiera solazarse por las rutas
de las algas, la luz y las arenas.

LA ETERNA OLA

Una vez, y otra vez, y otra vez ola,
ola y ola que viene y se hace espuma,
ola y ola que nace y muere sola,
ola y ola que siempre suma y suma.

Onda verde, translúcida o terrosa,
reflejo del humor del vasto cielo,
se anuncia con su lomo, poderosa,
y viene a destrozarse sin consuelo.

Brillo albino en la cresta desmandada,
ola y ola, fragor, temblor y arrullo,
preludio de su muerte en su avanzada
y anuncio de otra ola en su murmullo.

Dentro de tres mil años yo en la ausencia,
y la ola sin final en su cadencia.

ATARDECER

La flor de la ipomea se ha cerrado;
también la del hibisco ha sucumbido
a la fuga del sol, ya enrojecido,
en bajada hacia el mar aderezado.

La lavanda de aroma plateado,
y el romero de azul adormecido,
esperan del jazmín dulce silbido
que anuncie que la noche ha despegado.

Y en cuanto que la luna el mar aleja
la quietud es vencida por la brisa,
que viene a sosegarse en cada rama.

Siete sonetos para el mar

Ya el frescor de la noche oler se deja;
el grillo comenzó su negra risa;
impondrá su fragancia la gran dama.

NOCHE SILENCIOSA

Esta noche no canta ningún grillo,
el chorro de agua clara está cerrado
y el tórrido levante va encalmado.
Todavía se oye algún chiquillo

nervioso, impertinente y tabardillo,
que grita juguetón y alborozado,
rompiendo este silencio recatado,
en el fin de jornada tan sencillo.

La media noche bate en retirada
al plantel de mocosos correteros,
y se queda en silencio la morada;

en un silencio de algas y de esteros,
de estrellas imperantes en la nada,
de poetas mendicantes y ligeros.

José Antonio Repeto González



XOSÉ OTERO CANTO. (José Otero Canto)

DATOS BIOGRÁFICOS

-Naceu o día 06-06-1951 na Ponte de Outeiro, (Castro de Rei) A CHAIRA, Lugo.
-Remata Maxisterio no ano 1967.
-Licenciado en Filoloxía, Sección: Románicas, Subsección: Español. (1970-1975)
-Exerce como Profesor no "Colexio Fingoi" de Lugo nos anos 1977-1979.
-Despois de estar destinado en varios Centros educativos, hoxe e Profesor no I.E.S. "Lucus Augusti" de Lugo, centro no que estudara de pequeno.
-Catedrático de Lingua Castelá e Literatura.

DATOS BIBLIOGRÁFICOS

Publicacións en galego : Poemarios.

- 1).- "Salaios da Chaira". Fundación Manuel María. 2006. Lugo.
- 2).- "Arelas de prata e soños". IESCHA. 2008. Lugo
- 3).- "Miño, río pai e amigo". Fundación Manuel María. 2010.
- 4).- "Guía poética da muralla de Lugo". Concello de Lugo. Muralla 10. Lugo
- 5).- "Outono, mancebo céfiro de ás ergueitas". Espiral Maior. A Coruña 2010.
- 6).- "Poemas da cidade". Ed. Follas Novas. Libros da Frouma. Santiago de Compostela 2010.

Premios:

- Segundo Premio no XXXIII Certame Literario Concello de Vilalba 2007.
- Primeiro Premio no XXXIV Certame Literario Concello de Vilalba 2008.
- Primeiro Premio na XVII Edición do Certame Literario "A Pipa" 2008.
- Primeiro Premio do XXXIII Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal. Begonte.(Lugo) 2009.
- Segundo Premio no XXXV Certame Literario Concello de Vilalba 2009.
- Segundo Premio na XVIII Edición do Certame Literario "A Pipa" 2009.
- Primeiro Premio do XXXIV Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal Begonte. (Lugo) 2010.
- Primeiro Premio no IV Certame de Poesía "Terras de Chamoso" 2010.
- "Mención de Honor" no Certame Internacional de Poesía e Conto Breve convocado polo Centro Cultural Rosalía de Castro de Buenos Aires 2011
- Segundo Premio no XI Certame de poesía "Anduriña Voandeira" Bilbao 2011
- Primeiro Premio no V Certame de Poesía "Terras de Chamoso" 2011
- Segundo Premio na XX Edición do Certame Literario "A Pipa" 2011
- Segundo Premio do XXXVI Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal Begonte (Lugo) 2012.
- Accésit na XVII Edición do Certame Literario Manuel Orestes Rodríguez López (Paradela) 2012
- Segundo Premio no XXXVIII Certame Literario Concello de Vilalba 2012.

caraveis mollados

Xosé Otero Canto

I

Esperta amor.

Xa hai un cacho que pasaron os soños vestidos de noite
no cabalo das sombras.

Os paxaros da mañá deixaron trilos de espertador
cando as bocas abren sonos de ollos pechados
e os brazos estiran cruces de comezos
diante do altar da cama.

Arriba os corpos na vertical do día.

Arriba as esperanzas desenfundadas no saco das sabas.
Deixa que os dentes da persiana
se recollan envoltos entre os labios
que gardan esta luz sen volta,
esta luz ínclita, refulxente de presentes
que ten memoria turxescente do pasado.

II

Esperto brazos de apertas en corpos apreixados.

Esperto brazos de cancis atados.

Esperto caraveis mollados dos teus labios.

Mira na fiestra . . .

para cando a roibén do sol
chegue xusto ao beiril do tellado,
botarei as pernas coma letras
de quen escribe ao ditado:
primeiro a esquerda e logo a dereita,
ao sopé, ao mesmo lado.

Chámame o traballo
que do global axiña será escravo,
sen protestas e mainiños
abeirados por un soldo
que aledan risas de escándalo en salario.

Dilixencia nos corpos.

Prontitude nas mentes que de tempos
en minutos son chegados.

III

Entra ao servizo agora que os príncipes dos nosos xenes
deixaron baleiro o espazo máis íntimo do home,
onde cada día se pensa o pouco que somos
cando apertamos o botón que limpa a nosa soidade
no estanque pechado de nós mesmos.

No cubículo espellado de abretones
murmura o mosco da máquina de afeitar fustrigada
e relembra un recente pasado de simios,
un encontro diario coa vellez inacabada da barba dun día,
unha evolución inconclusa na historia de nós mesmos.

Tes cinco minutos para sentir a auga lizquente
caendo engordiño na bouza do teu corpo
que fervella limpuras de xampús
no parasol mergullado dos fíos de auga
moulando cántigas de chafariz abrollante
ata a delampada de toallas anainadas,
secadoras da auga que limpa as desgrazas,
abridoras dos pechos das portas dos soños
no currullo en que se expulsan
as feces e as baballas
no confesonario de nós mesmos.

IV

Namentres me visto:
Vai ao cesto de vimbio
que está a carón do lavabo.
Colle a roupa sucia
e vaina metendo polo ollo acristalado
deste Polifemo consigo mesmo encabuxado
cando o segundo botón da súa fronte está apertado.

Alcanza o fervedoiro, ponlle leite pola marca acugulado
e méteo de contado
no microondas seis minutos a mil graos.

Mira ben que non abuse
a boca dos nosos ananos
que desfollan margaridas na habitación do lado
mentres enchen as mochilas de libros
as libretas de sociais
e as follas raxadas con que escriben ao ditado.

Espero caraveis mollados

Cantos anos de suplicios!
Cantos libros que serán recordos
amontoados no sobrado do tellado!
Canta loita!
Cantos deberes faremos na cociña
entre pratos
sazoados.

V

Arrecendos a almorzo e a música de cafeal,
a pan torrado nos alicerces de aramio envetillado
entre o leite mantedor de cairos
e engulemias de nenos na cociña debuxada de ledicias.


- Pícaros de abrentes e salsas prometedoras de mañas,
decídeme se os deberes finiquitaron as palabras de exercicios
e ides tranquilos no bambeo de mochilas,
na algareira andarela que chega á escola?

- Decídeme de verdade
se levades ao día os exercicios
e se vos portades coma o día de sol ou a noite de luar,
esclarecendo dificultades e resolvendo problemas
no emprazamento que supón a tarefa de estudar?

- Estade tranquilos pais de buscas,
desacougados polas noites e tempos de folgar,
axitados polos ventos de alcohois e drogas de levar,
que os vosos fillos non sopran fumes de canutos
nin aspiran nubes brancas que matan conciencias
e rompen familias nos últimos anos
que a infancia ve pasar.

Un abrir de porta.
Un adeus que estalar.
Bicos que sopran.
Un novo silencio vén para quedar.

Xosé Otero Canto



Biografía de Marcial González Vigo, recollida de galiciadixital.com.

Marcial González Vigo, Radiofonista

Lugar de Nacimiento: San Andrés de Vea - A Estrada (Pontevedra)

Curriculum:

Desde 1969, traballou en Radio Popular de Lugo, destacando o programa de actualidade provincial “**A Carón**”. Anteriormente traballa-
ra en varias emisoras da Cadena SER, en distintas cidades de
España. Foi delegado en Lugo de La Región de Ourense e colab-
rou en Televisión Española en Galicia.

Obras realizadas:

Publicou os seguintes libros: ‘**El Dios de Roma que lloró por Lugo**’ (1979); ‘**Salou, novia del mar**’ (1980); ‘**Medio cento de gallegos e Rosalía**’ (1983), (os tres corresponden a guíons de radio en colab-
oración con Xulio Xiz, publicados os dous primeiros por Radio Popular
de Lugo e o terceiro por Edicións Celta). Ten publicados os libros
‘**Terras de Lugo**’ (1994); ‘**Terras de Lugo, O libro da cidade e das
parroquias do concello de Lugo**’ (1998) ‘**Terras do concello de
Lugo**’ (2005) e “**Cantigas da Fonte Arcada**” (2008).

Colaborou no periódico “**Terra Cha**” da Fundación Terra Cha.
Encargándose da elaboración das páxinas do Concello da Pastoriza.
Otros datos de posible interese:

En 1985 foi galardoado co **Premio Galicia de Xornalismo**. Entre
1976 y 1982 conqueriu más de vintecatro premios radiofónicos
nacionais e internacionais (en colaboración con Xulio Xiz), salien-
tando: **Premio Internacional de Radio del Bimilenario de Lugo**,
Premio Nacional de Radio y TV Ciudad de Salou, **Premio
Nacional de Radio de la Cruzada de Protección Ocular**, **Mejor
Programa Radiofónico** (en tres ocasións) e **Mejor Actividad
Radiofónica en los Óscar de Oro de la Comunicación**, **Premio
Nacional U.N.D.A. de Radio Católica**, **Premio Nacional del
Instituto Nacional de Denominaciones de Origen**, **Premio
Nacional de Turismo “La Mancha**, **Premio Nacional de Radio del
Servicio Nacional de Loterías**, **Premio Cambrils de Periodismo**,
Premio Mundial de Radio y TV “Mallorca”, **Premio Nacional de
Radio de la Cruzada de Protección Ocular**, **Premio Nacional de
Radio Rosalía de Castro** e **Premio Nacional de Radio sobre
Donación de Sangre (Ministerio de Sanidad)**.

Manuel

Marcial González Vigo

*Ao poeta Manuel Rodríguez López
(31-11-2012)*

Para oir o teu cantar
vira a herba, vira a rosa;
vira a arboriña sen nome.
Vira o loureiro secreto.
Vira Andreade e a mimosas.
Vira o Camiño da Costa.
Vira o sino do silencio.
Vira, nun mirar, o tempo.
Vira a lúa. Vira o vento.
Vira todo o firmamento
para oir o teu cantar!
Vira o serán descosido
Vira o aire entremetido.
Vira a tarde nun suspiro.
Viran as augas do río.
Vírase, en mornura, o frío.
Vira a brisa nun virar.
Víranse as follas no outono,
víranse os carballos longos.

Ao compás do teu cantar
vírase O Miño, en verdura,
co desliz de lodo e ferro,
co adozo da treixadura.
Por escoitar teu cantar
vírase o tempo do tempo...
Quixerá verte un momento,
para terte, nun mirar.

...Estás na verea alta!
Na senda da tua aurora!
Eu trato de me ir conmigo
no teu camiño de volta,
co corazón a deshora
e sangue que me convoca!.

Marcial González Vigo

Ao ritmo do teu cantar
virán os amendoeiros.
Vira o desfeito caneiro.
Víranse os terróns dos prados.
Virán, por turno, os salgueiros.
Virán, vermellos, os sargos.

No teu cadencial cantar
vai Paradela en tenrura
abrazada a trinta pelgos
de doncel doce frescura.



Margarita Souviron

Nacida en Málaga en 1962, soy médico y escritora. Licenciada en Medicina y Cirugía por la Universidad de Málaga, especialista en Homeopatía, en Nutrición, en Drogodependencias y en Terapias Hipnóticas.

Desde hace años combino mi trabajo con la escritura. Tengo estudios literarios de poesía, narrativa y teatro en la Universidad Complutense, Universidad Internacional Menéndez Pelayo y Universidad de Málaga.

Premios

Premio de poesía "Voces Nuevas" de Ediciones Torremozas en 2005

Finalista: Premio de poesía "Marius Sempere" 2007

Certamen de poesía "Poeta Juan Calderón Matador" 2010

Libros de poesía publicados:

"La palabra que nombra" de Ediciones Torremozas 2007

"Azul y canela" del Ayuntamiento de Málaga 2008

Además he publicado poemas sueltos en múltiples antologías y libros colectivos. Actualmente participo en actividades literarias y poéticas del ámbito malagueño y pertenezco al listado de Escritores del Circuito Andaluz de las Letras, de la Consejería de Cultura de la Junta de Andalucía.

Soy colaboradora habitual en Medios de Comunicación: radio, prensa y televisión, e imparto Cursos y Conferencias sobre temas relacionados con la medicina alternativa y con humanidades.

Federico

Margarita Souviron

*Y yo, por los aleros,
¡qué Serafín de llamas busco y soy!
F. García Lorca*

I

Se me escapa ese tiempo que pervive
entre jazmines blancos y entre zarzas
por los caminos yermos de la sierra
sobre el agua plateada y las navajas
alumbradas de luna permanente.

II

Quiero vivir tu mundo de muchacho
engalanado en tarde de domingo
de repulida planta de gitano
y pisadas tan amplias como el viento,
de cabello revuelto entre las briznas
amarillas y secas del delito.

III

No logro ver la pluma que desprende
gotas de tinta oscura sobre un lienzo
ni los trazos de luz entre las sombras
de los árboles negros de tu espalda

que susurran silencio en la ribera
mientras desciende brava la corriente
hacia un mar de palabras terminales.

IV

Cuando llego ya es tarde para el beso,
para el minuto mágico en el pozo,
donde el agua retiene las estrellas
y la reja se ablanda entre las manos,
donde el cuello inclinado recupera
la caricia del cuero desgastado

mientras se oye un llanto sin ruido
desde otro mundo pálido y redondo.

V

Siento que la ilusión tiene su espera
pero tu corazón no se hace esparto
y se tiñe de sol de última hora,
cuando la tierra entera se presenta
con su disfraz de madre solitaria,
bajo el rumor de ollas requemadas,
que sigue hirviendo en seco ante tus rayas
de abeja, majestuosa y soberana,
de quien, por ley, el verso ha sido punta.

VI

No puedo oler los restos salpicados
de la sangre morena, como crines,
de las yeguas que vuelan en la noche,
o de las golondrinas que cabalgan
con el bocado suelto, entre los cerros
que abrazan a las ánimas que escapan,
cuando cierran los ojos los cerebros
y se rompen los huesos los hermanos
dejando, como bocas de otro tiempo,
sus huellas sobre el barro deslucido.

VII

Se adelanta a mi paso una paloma,
un cocodrilo veo de madrugada,
despegan mariposas de mis dedos
y se cuela una vaca en mi garganta,
como si al vomitar todos los sueños
se alargaran jirafas hasta el cielo
y se abriera el asfalto bajo un hombre
o fluyeran las aguas del estanque
como cascada verde en los tejados
o como notas negras en los saxos
de una música infecta de inocencia.

VIII

Todo lo diera en vano por mirarme
en la mirada grande de tus ojos
desde la enorme búsqueda sagrada
que me infunden tus alas y tus hojas
y tus deseos ocultos en un cofre
y tus instintos claros y tus babas,

ante el sentido fino de lo frágil
y ante lo extenso, rudo y musculoso,
o ante los trajes blancos y sus perchas
que hacia ti se desplazan como olas
de unos mares de flores repujadas,
de lazadas de seda y de memoria.

IX

Te busco como a tientas en la niebla
pisando cada piedra, cuesta arriba,
a pesar de que el río baja mudo
y florecen sin flores los membrillos,
mientras cuelgan las jaras de los puentes
clamando, como torres en la noche,
la necesaria luz entre alminares
y la masa de nieve que subsiste...,
por eso sigo firme en mis requiebros
y puedo contemplar, como una niña,
el abandono eterno de Granada
ante el franco dolor de un cauto olvido.

X

Sueño con conocerte y quiero hablarte,
aun sabiendo de siempre que eres muerto,
que tu filo de azúcar se ha incendiado
con claveles de fuego del infierno,
que revientan tormentas de esturiones
y que agotan su sed los aguanales...,
mas yo cojo mi manto negro y largo
y voy sembrando signos de tu entierro,
suelto entre los olivos velos blancos,
espuelas, cascabeles, ruiseñores,
semillas de penumbra y azucenas,
laurel entre los trigos, caracolas,
perfume de azahar, cuernos de luna
y espinas de rosales desmedidos.

Margarita Souviron

Polifonía literaria



Yolanda López López

BIOGRAFÍA. (Ourense, 1976). E funcionaria de carreira no Ministerio de Xustiza (Fiscalía de Madrid). Filóloga en estudos anglosaxóns, técnico en turismo, tradutora e pintora pola Deputación de Ourense e a Escola de Arganzuela de Madrid, adicouse ao ensino medio e universitario. Realizou o DEA, o doutoramento e a tesíña de licenciatura sobre a identidade individual e colectiva na obra da escritora sureña Eudora Welty.

Foi investigadora nas universidades da USC, A Coruña, Castilla-La Mancha, na Universidade de Birmingham –UK–, na Universidade de Virginia –USA– e no Centro Ramón Piñeiro, onde colaborou en conferencias e con diferentes artigos de ensaio. É autora dos poemarios individuais premiados *Verdugos impolutos* (Concello de Rábade, 2005), *Obertura sen heroe* (Follas Novas, 2006) e *Grietas*, Madrid, Vision Libros, 2012. Galardoada con premios literarios en Galicia e Madrid, Suso Vaamonde, Rosalía de Castro de Cornellá, Aurelio Aguirre, Antón Tovar, Manuel-Oreste Rodríguez, Xose Neira Vilas ou Fundacion CEPAIM para a solidaridade, textos da súa autoría aparecen en libros colectivos como *Ás aforas do soño* (Casa da Gramática, 2005), *Homenaxe dos poetas galegos a F. G. Lorca* (Xerais, 2006), *Catálogo Rede Natura de ADECA* (Xunta, 2007), *Implícate na palabra: Poetas galegas e tamiles* (Implicadas/os no desenvolvemento, Galaxia, 2007), *Uxío Novoneyra: A emoción da terra* (AELG, 2007) ou *Letras novas* (AELG, 2008). Publicou poemas, relatos e artigos de opinión en xornais e revistas literarias (*Boletín literario da USC*, *La Voz de Galicia*, *La Región*, *Galicia Hoxe*, *Xistral*, *Dorna*, *A xanela*, *Saudade*, *Lua nova*). Colaborou no equipo de traballo do manual *Niveis de Competencia en Lingua Galega* (Xunta, 2006). Forma parte do programa de recitais –Poesía Nova da Comunidade de Madrid– e colabora cos grupos de escritores, Bilbao e Poekas de Vallekas. Participou en recitais benéficos e en homenaxes a intelectuais. Colaborou en distintas ONGs do Reino Unido. Impartiu obradoiros literarios e foi membro xurado de certames para mozos. Participou en espectáculos de poesía, pintura, fotografía, música e danza oriental.

en Si maior

Yolanda López López

Meu digno mar que un día te feriron.
Agora unha nova Marea Negra asolaga a túa costa,
a nosa terra, invadida pola miseria do arrepío,
negra, negro fume máis que nunca,
lento veneno mortal,
poderío asasinando o patrimonio do noso prado montañés.
Sei que áinda chorás o sal ferume daquela desfeita sanguenta.
Mar do noso Mendiño trovador.
Mar vanguardista nos dedos de Manuel Antonio.
Profecía da escuma en Bernardino.
María Mariño ondeando nas riberas briosas da Noia medieval.
Seiva que asubía,
zume esmeralda na serra Barbantina.
Onda pictórica, onda onírica de Urbano Lugrís.
Úbeda e o cromatismo melódico na viola.
Espiga rebelde, pincel xeométrico en Maruxa Mallo;
que non haberá exilio para o voso trigo,
porque áinda cantades nos lenzos hercúleos á espida liberdade.
Lois Pereiro na constelación do amor e da enfermidade,
a cúspide do verso pétreo cuspindo metralla.
O paraíso limiau de Antón Tovar,
carballo que te converteron en bágoa.
A terra e o Miño no verso lírico
irmandándose cos canóns do Sil.
Area dourada, pozo negro desleixado,
Marcos Varcárcel ascendendo Aurias no río e na gloria.
Eidos que latexan nas miñas veas refulxentes.
Todo o país agoniza, arde na brasa, na muxica,
feitizo tremebundo nos rostros impotentes do veciño loitador.
Lapas inminentes na porta de almas puras
que abranguen as mangueiras da forza prendendo honor.
E así arriscades a vida para salvar a vida.
Se Rosalía de Castro vivise,

desprendería bágoas pola súa pluma
con cheiro a lume ensanguentado.
Se Rosalía escribise,
entregaría o corazón ferido,
pero nunca dende a derrota.
Se Pondal respirase, berraría, puño ergueito,
dende os Queixumes dos pinos ardendo na distancia.
Se a voz furiosa de Curros espertara,
as verbas chegarían para dicir todo e nada.
Se Celso Emilio erguese a voz,
a nosa patria metrallada erixiría a forza ruda dos camiños.
Se Alexandre Bóveda sobrevivise ás balas da ditadura,
as súas mans serían semente na cinza do ameneiro,
que a Galiza Mártir loitaría pola bandeira da liberdade inmorredoi-
ra!!

Gonzalo Acosta Pan. Xosé, Xermán Adrio. Telmo Bernárdez. Roxelio Bugallo. Amancio Caamaño. Vítor Casas. Paulo Novas. Ramiro Paz. Luís Poza. Benigno Rei. Xoán Rico.

Os inocentes condenados á orxía da Caeira.
E Alexandre, o noso fusilado, berraría dende as entrañas:
"As labaradas da súa cruenta cegueira non lles deixan ver".
E así se vai erguendo, amortallado na inxustiza,
coa protesta nos beizos e a gorxa nos fusís.
"A bandeira da nosa Redención", A CORO Castelao.
O CORO polifónico da denuncia,
e o cándido piñeiro na testa do arboredo.
O corazón de Bóveda
 caendo....
 endo
 endo,
o tronco esvaecendo...
 endo
 endo....ardendo.
Política e natureza a un tempo.
Indignádevos meu pobo!, a CORO Hessel.
Loitade contra a ditadura do mercado!
Porque onde xacen os castiñeiros e as carqueixas?
Onde aniñarán a rula e a andoriña?
Onde crecerán os toxos e as camelias?

Polifonía literaria en Si maior

Onde criminais do mar e da terra?
Pero na voz do pobo galego non haberá rendición:
Deixarei a miña osamenta petrificada
nas cinzas do medo infame,
e non nos vencerán!!!
Perdereime na borralla do construtor
que arrecende a crime e infamia.
Collerei o caldeiro de auga impoluta,
enchereino, enchereino, enchereino!!!
Arrincarei a raíz do culpable,
do séquito indeleble, da falsa promesa
sobre a que cuspirei auga limpa,
que non nos vencerán!!!!
Pirómanos, especuladores, ratas sarnosas de cloaca urbanística,
verdugos contaminados de indecencia,
terroristas ecolóxicos, traficantes políticos da suxa economía,
acabaredes cos recursos naturais e animais.
O voso talante noxento
demolerá especies autóctonas vexetais e animais,
na terra e no mar.
Enladrillaredes as costas e as praias,
construiredes campos de golf para *pobres* privilexiados,
que non, non, non nos vencerán!!!!
Capitalistas que promovedes enriquecemento masivo a curto prazo:
Non sodes más que mazá envenenada e fedorenta,
a catástrofe do noso EDÉN,
o deserto para o futuro que xa é presente,
o mar sen vida,
o bosque salvaxe no seu pálpito tardío,
a colleita perdida de xeracións labradoras e mariñeiras/

PROMETEO descendeu aos infernos e parece non volver.
Pero o alento férreo da nosa dignidade
asfixiará a hecatombe da vosa ruda covardía.

Yolanda López López
Maio do 2007

Premio Narrativa



Taller Telemundo: Escritores 2006 / SM

Erick Hernández Morá

La Habana, 1973

Abandonó los estudios Universitarios (porque le aburrían, no había comida y los autobuses se tardaban mucho) y desempeñó varios oficios para subsistir: camarero, cantinero, hasta el verano de 1994, cuando abandonó Cuba vía marítima (en una lancha vieja y destortalada que por poco se hunde). Reside en Miami desde

entonces. Lector insaciable desde adolescente, por allá por el año 2002 le dio la locura de escribir y no ha podido detenerse. Sus relatos han sido premiados en varios certámenes internacionales. Ha publicado las novelas "Al este de La Habana" CBH Books 2005; y "El Deseo Ajeno" Simon & Shuster 2006, y tiene varias en progreso pero no se decide a continuarlas por vagancia. Es graduado del Taller de escritores de Telemundo 2005, en donde un grupo selecto de 14 escritores fue escogido entre más de 4400 aspirantes. Ha escrito más de cincuenta capítulos de la exitosa serie "Decisiones" de la cadena Telemundo, así como varias telenovelas y telefilmes. Actualmente ejerce como supervisor de contenidos para la cadena Telemundo.

Por la residencia aguantamos

Erik Hernández Morá

Querido presidente Barack Obama:

Outras compañeiras, cando comprenden que deixan de darrle a man, cando cae fulminada dese grupo chamado serra, comentan que pode que fora un exemplo de abnegado altruismo unha mártir que doa tódolos seus órganos a cambio de que viva o progreso, para curar en saúde a este "señor" que da tanto pan a sociedade .. Eu, este narrador, non sabe os termos nos que foi redactada a autorización para esa intervención nin si houbo tal documento, si o asinou algúñ familiar, pois ben sei que a montaña, sabendo todo, non descifra nin escribe os signos lingüísticos ¿Sería por abuso desa ignorancia? ¿ Cedería todo? O certo é, que non soamente entregouse, voluntaria ou forzada, (creo máis na última idea). A súa vida con ese acto perdeu algo moi valioso, a súa montesía e grandiosa liberdade, en verdade que pagou moi caro o que parecía gratuita e necesaria operación, e para colmo, nunha lasca de lousa, alguén, pode que un pastor (¡ Un pastor ! ¿Cómo? Dirá 'un de almas, pois de gando xa non existe. O lobo europeo foi matando toda a nosa cabaña) ou quizás un pescador de aires, de aires da vida natural escribiu un sinxelo epitafio que di " eiqui viviu unha montaña „ eique soterrada queda a agreste liberdade " Esta pedra destaca no pó como cruz que quere levantarse sobre o deserto do interese. Por Maio, un toxo comprensivo pon o seu alecrín sobre a pizarra lapidal para recordar a quen foi fonte de moitas primeiras, e o ceo túrbase, entristece e chora desconsolado para que esa cinza, ó pe da montaña, quede alí para sempre, e non sexa exparecido polo bohemio Aquilón ; pois a terra da terra debe quedar onde naceu e nunca exiliada, sen culpa, lonxe do Sil e das súas irmáns que queren ser, mentras teñan vida, a súa cerca inmortal. E cando morran todas, poñeremos unha cruz ós amantes do natural que non olvidan a estas montañas; pero esos que non cren no que consideran superficialidade nunca saberán porque hai agora outras artificiais montañas que son herdado froito, escoria da vida, ese pó sedimentando que quere recorda-lo seu orixe facendo colinas dos pobres despoxos, monumento fúnebre que recorda aquelas xa desaparecidas ; pero iste "as montañas artificiais" será tema doutro día ; pois con esta homenaxe teño xa

colmatada a miña chaira de papel; pero a min gústame face-lo coas palabras que non son ditritos molestos, e si, semente. Espero que medre e que os “matasanos” comprendan que hai pan duro e brando, que hai medas de pó, e medas de pan ; pero que procuren que quede a cara e nunca que sexa cruz onde morren as ilusións daqueles que confían que o medio natural está moi san e non precisa de operacións que, por regla xeneral, acaban ca morte do inocente paciente que é víctima mentres na mesma camilla tódolos que arrodéanna están fregándose as mans coa ledicia da riqueza que deixará a morta; pero o peor é que os herdeiros directos non reciban nada, porque a pobre montaña. Como todo foi tan inesperado, nin tivo tempo de testar, porque ademáis sempre pensaba que o pouco que tiña alí quedaría para eses queridos aldeás, pero estes infelices, si queren unhas migallas, teñen que, contendo a súas bágoas por tan triste momento, ser os sepultureiros e, con que picos e mazas, cava-la tumba da que querrán de por vida.

EPÍLOGO

Todo ten un final, un peche, natural ou artificial, eu quero deixar conscencia de que este modesto relato, esta pedra, está impulsada pola forza das miñas capacidades literarias e a imaxinación que forman un singular tira-croios para disparar e lanza-la pedra da palabra sobre o que parece social estanque onde o materialismo represa as augas do benestar ou, quizá sexa, simplemente, unha poza que formouse no noso camiño con augas putrefactas por interese e entorpecen a marcha de quen vai coas plantas núas, por iso quero, coa pedra que lanzo, remove-la quietude das augas do pracenteiro estanque, non para producir grandes ondas pero si para axudar a move-los construtivos pensamentos e, cando é auga de charca, para que sirva de pasarela para non ensucia-los nosos pes na turbia lama.

Pedimos que, desta moeda, collan a cara que querian pero nunca deixen que quedemos sen pedra, pois a riqueza en valores, áinda que sexan líticos, no hai que perdela. Si enferma curémola co remedio da avoa e, de seguro que non morrerá a mediciña natural: nunha terra de doce mel está asegurada; por iso digo que non demos veneno argumentando que, como o mal non ten cura, para que non morran outros de fame hai que despedazala nai Terra.

Pepe Pol

Accesit *Narrativa*



Xaime Domínguez Toxo

Xaime Domínguez Toxo, Bueu, 1955. Licenciado en Ciencias da Educación. Pedagogo e mestre especialista en atención a alumnos con cegueira e discapacidade visual.

Traballa nos Equipos de Atención Educativa da O.N.C.E. na provincia de Pontevedra.

Como escritor ten acadados diversos premios de relatos breves: Manuel Murguía, Modesto Rodríguez Figueiredo-Pedrón de Ouro, Concello de Paradela e finalista no Joham Carballera do Concello de Bueu. Ten publicado o libro "As palabras que move o mar" na editorial Xerais e "Escuro é o rostro da memoria" na colección Ateneo de Pontevedra.

Obra súa aparece en volumes de relatos colectivos editados por Edicións do Castro e Toxosoutos.

Microrelatos seus aparecen publicados no concurso de relatos da Voz de Galicia "Relatos de Verán"

Foi colaborador na revista xuvenil "O xoven Toupo", xa desaparecida, e na revista de cultura mariñeira "Os galos" de Bueu, felizmente viva.

Activista cultural, formou parte das Asociacións Culturais "O Galo" e "O Eixo" de Santiago de Compostela, "Liboreiro" de Bueu e na actualidade preside o "Ateneo de Pontevedra".

Ulises volta das illas

Xaime Domínguez Toxo

I. Ulises no seu mar.

Roberto búrlase do mar que nos obriga, na enchente, a gabear por riba dos rochedos. Bate a marusía contra as pedras e as xerfas anegan as furnas. Sentimos a presión do vento sobre nós, céganos os ollos. Meu pai e os homes andan a cobrar dunha xávega. Unha tosta. - "Que pinta no mar?" -, pregunta a berros o patrón. Cabalga o madeiro aboiando no rizo da onda, subindo e devalando coa resaca. Baila no medio da escuma branquíssima. Hai que ir collela, facer firme os cabos e agarrala. A tosta golpea con forza na area, revírase entre as pernas, zafa por debaixo do aparello. Unha voz e un riso profundo recorren a praia. Fenden os homes da gamela os remos na negrura da tinta dos chocos, a bogada é enérxica, renxen os estrobos nos toletes, a virada da chalana por riba da tralla funde as cortizas. Un xuramento resoa baixo as nubes mouras cargadas de xistra. A voz de Manolo Cachote estrala contra a galerna. As xaretas ténsanse, e a ardentía do xarabal, apiñado dentro da rede, escalda na superficie do mar, entolecendo as gaivotas.

A tosta enfiou contra os cons e ficou varada. Os corpos dos homes, coas pernas firmemente fincadas na area, cobran con rabia dos chicotes. A voz arfada do patrón marca o ritmo dos pulos; as bandas da xávega comezan a apacer malladas de piardas e bolos. Un dos homes afrouxa a tensión e, dun lategazo, estrica o claro do aparello no aire con forza, facendo tremer a malla. O peixe, ao depenar, entra no copo da arte.

Algúns acoden correndo dende a chalana, xa en terra, a botar unha man. Debaixo dun ballón, que arroia para enchouparnos, o copo surde do mar como unha lúa en movemento, brillando a rebentar. Nós levantamos con forza o aparello pola coroa e abocamos a carga na area. O patrón berra polas patelas, comeza a repartir os quiñóns. O peixe miúdo, as fanecas, as luras, os chocos, algúns corbelo, van cubrindo os fondos das cestas. Os mariñeiros asestan o reparto. O rillote de Roberto achégase renarte, cóase entre as pernas dos homes, apaña un dos chocos, agáchao por dentro da camisa e bota a correr polos gaveiros arriba, liscando entre o millo das veigas.

O patrón mírao fuxir. Agarra un bolo e tíralo as gaivotas, danlle ganas de mandar a un dos homes detrás daquel bandallo, pero cala e segue co reparo. Murmura de seguido o nome do pai do rapaz, ata que finalmente se deca-

ta que o bisbar non lle interesa a ninguén. Bota un pecado e sigue co reparto dos quiñóns.

O patrón, ese home roibo que ten sereas tatuadas nas meniñas dos ollos, é o meu pai. Roberto é meu mellor amigo; coma quen di, criouse na casa.

II. Non ser serea levoulle anos á nai de Ulises.

Miña nai, Clara, era unha especialista en apañar verbas. Unha ves, cando eu era pequeno, dixen “leite” e ela apañou unha vaca. Outro día, dixen “xurelo” e apañou unha rapeta enteira. Pero detrás da rapeta viña unha parella de bous de Marín, e cada bou traía unha tripulación de quince homes. A miña nai sentounos en ringleira na mesa do comedor e preparoulles unha caldeirada de: Que me conta? Como lle vai? Que tal está vostede? Vai todo ben? A marea foi boa?

Entón, eu dixen “pai”, e miña nai apañou ao máis roibo de todos eles. Un patrón de altura que tiña as meniñas dos ollos coa forma das sereas. Se estaba contento, e fitabas para el, as sereas nadaban dentro dos seus ollos. Cando se deitaban, miña nai chamáballe “meu patrón”. Enleadados xuntos na cama botaban uns aturuxos que enchían a casa de carriolas e gorrións, facían tremer as paredes e o teito volvíase transparente.

Eu aproveitaba para saír voando pola xanela e dicir todas as palabras prohibidas coas que se entendían os mariñeiros, e que miña nai non me deixaba pronunciar na casa. Xa sabedes: merda, carallo, foder; porque miña nai dicía que con esas palabras só conseguía apañar confesións de beata, tarxetas de crédito caducadas ou ascensores que che vertían no andar alampante das rebaixas, nuns grandes almacéns que non deixaban mirar o mar. E que podíamos facer nós se non podíamos mirar o mar?

Unha mañá, ao espertar, trabuqueime, en vez de “bos días” dixen “adeus”, e miña nai apañou a soildade ao outro lado da cama. Cando chegamos ao peirao o barco do meu pai, o mariñeiro louro que levaba sereas tatuadas nos ollos, estaba coas portas dos aparellos amarradas na popa en ruta cara os bancos dun norte máis aló do horizonte.

- Non te amoles, sorriume a miña nai, levan boa marea, van de barlovento, e logo han de estar de volta.

Para escapar da señoradade que nos deixara aquela ferida berrei “area” e miña nai apañou unha praia de mar verde esmeralda, con loureiros enriba dos penedos. Había uns cons tan redondos coma os seus peitos. Eu, dende o máis alto, tireime espido de cabeza no mar e aboiei durante horas, pintando o morto, igual ca se fose un muxo agardando na fenda da miñoca.

Esgotado de nadar fiquei durmido enriba dunha pedra con forma de ventre de balea revirada. O sol, viaxando por riba nosa, fechábame as pálpebras. Espertei borboriñando "fame", e miña nai apañou unha mesa de terraza nunha illa grega, con mantel a cadros e cadeiras de madeira palla. Estaba atendida por un home cotoño e calvo que gastaba un negro bigote de morsa, e tiña unhas diminutas ás nos nocellos que lle permitían ir e vir voando cun prato en cada man. "Os gregos das illas más afastadas do continente somos así; ainda nos queda algo dos tempos dos deuses", grallou diante do meu pasmo.

Miña nai aplaudía cada ves que aparecía cunha fonte: de polbo feito na brasa, iogur con macedonia ou follas de figueira adobiadas de leite callado con amoras e canela.

Cando rematamos de xantar, miña nai botouse a bailar e a cantar con aquel home. Agarrados polo van movíanse, coma se viaxaran nunha alfombra voadora, por entre as mesas. Eu quixen dicir algo, pero quedei pampoo, ollando o azul interminable dun ceo que me cativaba.

Cando me fixen grande, esa maneira parva que os maiores teñen de chamar á chegada do insomnio, embarquei de mariñeiro de gran altura. Coñecín a inmobilidade dos mares xeados, onde o tempo non existe e nunca te fas vello; as chairas dos carromeiros, tan mestas que podes camiñar durante días por riba do mar sen afundirte; os labirínticos neboeiros, nos que virabamos en redondo sen atopar a saída, coa mesma saudade que consume aos presidiarios perpetuos.

Eu falaba coa miña nai a través do satélite. Dicíalle "Galicia" e ela apañaba para min a butaca vella na que meu avó sentaba no cine, o chifro da conserveira que había a carón da nosa casa e os ventos mareiros do abreiro, os mesmos que lle desordenaban as saias ás rapazas cando íamos á escola. Logo mandábame todo polo correo electrónico cunha nota: "Envíoche este paquetiño virtualmente", escribía ela no ordenador.

Regresei despois de embarcar peixe en todos os mares do mundo, xa gañara a condición de levar sereas tatuadas nas meniñas dos ollos. Cando me mirou, coa miña pucha de la, o pantalón de lona branca, as botas de pel de balea e o abrigo cos botóns do cobre, sorriume e berrou.

- Por fin volviches, non conseguía apañar unha palabra que che trouxera onda min.

III.Ulises no mar da amizade.

Meu amigo Roberto deixou de facer camiños enriba da mesa, coas cunchas dos caramuxos que recollera na praia, e dedicouse a mirar de onde saíra

aquel orballo repentino. O que mirou foi a súa mirada atravesando a choiva. Esculcou, sentado, a poalla mollar a miña chaqueta; cunha ollada detida nas pingas. Absorto no mar cor de chumbo que estralaba contra os cons do fondo e na chalana que aboiaaba nunha das lapelas da miña chaqueta, enchoupada polo relento.

- Sempre teño esa sensación de que deixamos algo esquecido no recor-dó –dixo.

Seguro que era certo, pensei. Algunhas débedas de encontros e certas des-pedidas que esfarelaban o tempo ao noso arredor. O tempo, como maquía de fariña, peneirando sen parar a vida entre os dedos das mans.

- Teño a sensación –arfou- de estar sempre mastigando o mesmo toro de maragota, de estar recollendo na casa da miña avoa un eterno bocadillo de marmelo preparado sobre unha mesa de mármore branco. A mesma incerteza de soidade deitado nos cons desta illa que cando era neno. Paréceme que en todos estes anos nunca me movín de enriba das pedras que abanean.

Roberto repetía as palabras “tal vez”, “poder ser”, “quizais”... E poñíame ner-vioso. “Ata pode ser que?”... pregunteille.

Logo estaban os seus movementos, intentando representar o mundo cas par-tes articuladas do seu corpo. Erguendo moito os brazos por riba da cabeza para conseguir peitear os ventos. Coidei que nos seus recordos esos ventos xa non nos ían desbaratar o pelo, nin nos farían mudar ningún rumbo. Desapareceran atrapados pola resaca, co devalo da marea. El colleu folgos e comezou a petar un aire de pandeirada coas mans na mesa da taberna de Checho. Logo afinou baixiño: “Vente ventiño do norte, vente ventiño nortei-ro...”

- A min –díxenlle- o de lembrar ventos sempre me gustou. Conteicho, verdade? Atopei unha foto ciscada entre as páxinas dunha novela de dous rapaces collidos polo ombro nun recheo que hoxe non existe; amosan un buraz pendurado dunha liña.

Roberto levantou a cara devagar, levou o vaso aos beizos, deixou escorregar un grolo de viño pola gorxa, e engadiu con acento de lembranza.

- Esa foto era no peirao de madeira da conserveira, tiñamos dez ou once anos.

Sorrín con mágoa, pero ninguén me viu. Fixérase de noite e debía estar a cho-ver enriba dos soportais da Rúa do Vilar. Estabamos na Illa de Ons oíndo chover en Compostela.

- De todos os xeitos, non é un mal recordo o desa foto – arriou.

Iso soltouno á altura do Con do Cairo, diante do areal de Canexol cando íamos camiño do Buraco do Inferno. Eu faláralle por primeira vez da foto que atopara entre as páxinas dunha novela que me prestara en Compostela. Fora no inverno pasado.

- Lembro –asubiou- o día no que fixemos esa foto. Non é un mal recordo de cando eramos dous rillotes e andabamos aos buraces.

Estabamos en Compostela, baixando pola Praza de Cervantes cara á Quintana. Iamos buligar aos colegas ententecidos, deitados nas escaleiras. Roberto bruou uns versos ao baixar os relanzos da ponte dese navío de pedra: “e fomos ficando sós, o mar, o barco e más nós”.

A Quintana, o noso ventre do silencio, interior e sentimental. Nada de nós se podería entender sen ela. Estabamos tan sós sen mar en Compostela. Roberto botara a man dentro da bolsa que levaba pendurada do ombro e tirou fóra o Moby Dick. Entregouma. “Toma –aventou- vai ser o mellor que liches nunca”.

Pola noite, deitado, sinalei cunha foto a páxina ata onde chegara.

“Mi madriña, que rápido se nos botou a noite enriba!” –sorprendinme. Viñasesnos por riba unha treboada do sur, dende as Cíes. Desvíámonos para ir mirala. Aceleramos o paso, alancamos gabeando entre os eucaliptos para perdernos nunha calella de fento mollado e lama endurecida. Viñamos de Melide e morriámos por chegar canto antes ao Buraco.

- Ei, ti! –berrou Roberto - Non teñas tanta presa por entrar nesa noite escura. Veña, temos tempo, paramos na baiuca e tomamos algo de comer, e mais bebemos un carolino.

Respondinlle, cravando os dentes no raxo dunha ración de polbo servido na Viúva, que gardaba o libro da balea na casa de Pescadoira. Roberto meteu unha pataca cocida entre os dous anacos de pan. Eu trabei no polbo coma se fora na caluga dunha muller en coiros, refén saída do mar, nas praias do meu desexo. O aceite esvaroume polos pelos da barba.

Na illa de Ons, estamos ollando, dende a varanda da taberna, unha treboada que afundía os mundos encollidos contra a banda de terra. Roberto cantarea unha melodía de ventos encontrados.

Estouno mirando de pé, coas mans apoiaadas na varanda. Lembrei como era coas orellas inzadas de frieras, sorbendo as luras do nariz, subindo as escaleiras de pedra da escola vella, poñéndolle música a aquela letra: “Benito Olla ten un asubío para chamar as mozas da Bando do Río...”

- Ti andabas a pillar das patelas dos homes e das rapetas na praia –acuseino.

- Teu pai nunca mo perdoou – retrucou -. O patrón do teu pai..., largaba aquel aparello e parecía que todo o peixe do mar coubese alí dentro.

Roberto sorriu, pero ninguén o mirou. Viñera a noite a cubrir o noso pequeno espazo de corpos a abanear nas cadeiras, cos pé apoiaos no varal, coas mesas de madeira detrás nosa. Pediu outro carolino.

- Ei, xefe, aquí un carolino!

Foi máis un laio ca un borboriño. Un aturuxo de esnafrado afundido na escruidade dun mar sen estrelas. No Curro de Nós esmagaba Roberto súa voz contra o costado das chalanás. Ninguén oía a voz perdida de Roberto. A súa voz, pensei eu, fita vermella nunha cova de seda negra.

- Chámao de novo – alenteino -, e dille que sexa tinta femia de Cela.

- Manda carallo, tinta femia de Cela na Illa!

E deulle o riso. A gargallada gabeou pola costa do Faro e baixou polos cantís sementados de percebes, perdéndose nas grutas onde se aparean os congos, no reino da serea.

- Así que gardas no Moby Dick a foto dos rapaces no peirao?...langrán señardoso – ironizou.

- Gardo as voces dos nenos que saían fungando da escola –respondín botando un grolo dun viño que era puro vinagre - e axexaban aos mariñeiros que viñan do mar. Aqueles homes agachados baixo as táboas do peirao, cos pantalóns baixados e arremangados nos nocollos, deixando na praia a mancha escura dos xurelos en salmoira que cearan de madrugada no barco. Cando estaban anicados sobre si mesmos, nós comezabamos a berrar: Acudide a cagar! Acudide a cagar!

Puxen a Roberto tenro.

- Non tiñades corazón –afirmou.

- Berrabámoslle aos homes que coñecían o laño onde viven as sereas. Gardo aquel berro na memoria asociado as marusías, maretóns que cubrían os penedos de Pescadoira.

Deixou que un intre de dozura quecese o recordo e logo, poñendo voz de John Balan, empezou de novo a cantar: "En tardes de domingo tan grises coma a cor dos teus ollos..." .

Levantouse da cadeira e comezou a se mover. Bailaba emparellado coa sombra ca luz do faro pintaba do seu corpo. Cun carolino nunha man e un cigarro na outra. Uns que había na mesa do comedor fixéronlle palmas. Semellaba que toda a illa lle servise de escenario de fondo. E que aquela

corredoira que nacía no Curro e remataba no Buraco do Inferno, fose un bulevar cosmopolita, unha pasarela alumeadas por centos de letreiros de neon pola que Roberto esvaraba elegantemente; coma un Fred Astaire de pacotilla actuando nun Broddway local de dorneiros e naseiros.

- Non hai mellor foto para ese libro – asegurou.

- Máis que a foto –suspirei- nese libro gardo o ruído do mar a traballar na area pola noite, sen descanso. E gardo o frío irreparable que acompaña ao vento do norte no devalo das tardes de inverno, detrás dos cristais da tenda da miña avoa. Eu estaba a mirar sempre o peirao a través dos cristais. Gardo o recordo da poalla lenta e fría que emborrallaba o mundo, cun corazón enfebrecido baténdome no peito. Agardaba por ela, devecía por mirala deitada, miña rula, na cuberta de proa da chalana; batendo no trasmallo coa súa cola de serea.

Virouse contra o taberneiro que cuspíra con baba de carracho unhas palabras de propina.

- Iso son mamonadas, rapaces –cuspíunos- chalanás, botes, dornas... Non vos hai coma unha planadora de fibra con dous motores por fóra de douscientos caballos cada un. Cun barco nesas condicións tráiovos cantas sereas queirades.

- Cala a boca ti, papán, non entedes nada – retrucoulle Roberto -. Que sabes ti? Eran outros tempos, áinda entraban baleas pola boca da ría.

Enfrontouse a el, e a piques estivo de trucalo. Sentou encalmado na cadeira, coma un vello enredado nunha partida interminable de tute cabrón. Arriaba palabras que ferían coma amocelos.

- Non lle fagas caso ningún – acougueino co alento canso do fareiro despois do vendaval – está embrutecido polo veneno do seu propio viño e as invernías en soildade desta illa sen almas. Ti e mais eu somos os fillos do capitán Ahad, lembras?

Pero Roberto xa collera o vaso do carolino polo cu e o estourara contra o chan emporcallado de desmemoria. Contornara unha pucharca de viño, na que trazaba, coa punteira dun bicheiro que alguén deixara arrimado contra a mesa, as travesías imaxinarias do retorno a unha nenez de pantalón branco, cholito de fibela enferruxada e molladura debaixo do balcón da conserveira.

Tiñamos un balón de coiro esmirrado metido por debaixo do "xarsé". Debxabas, no lameiro de viño con serradura, unha praia de rapetas e fogueras, de aparellos a encascar e peixes a delourar nos tendais confrontados ás norestadas.

- Eu de cando neno –debullei - recordo máis que nada a praia, tamén algo da escola na capela vella, o fútbol na Alameda e andar a pedradas cos da Banda do Río. Protexidos na salga do enleito, no Can do Penedo.

- Tan lonxe empeza a ficar todo?

- Non sei. Pero cando volvo á casa dos alicerces mariños, abro a novela e saes sorrindo na foto, collido polo ombro con outro rapas, enriba dun recheo que non existe. Preparo un café e penso que xa non estás nin ti. O outro rapaz son eu.

- Tan lonxe empeza a ficar todo? –suspirou.

Chegabamos enchoupados ao recheo da conserveira. Solemnas coma bois, remendados de nós mesmos. Coa mirada cravada na buxaina deitada na terra, dentro dun círculo que concentraba todas as olladas. Serios. Botabamos man ao peto, tirabamos fóra do pantalón unha buxaina nai. Envolvíámola devagar coa liña das fanecas e levantabamos o brazo para que voase a esgazar un tempo rachado de berros e risos, de carreiras loucas pola praia a xogar cunha marea de trasmallos, onde nunca mallou a serea dos nosos soños envurullada entre piardas.

O ruído dos tronos recorrendo o ceo por riba nosa apagou as palabras e as luces na taberna da Viúva. Eran os flashes dos lóstregos que facían posible que mirásemos a realidade en intres relampantes e rapidísimos, como secuencias a cámara lenta dun barateiro filme de terror. Saí Roberto correndo ao camiño.

- Ven –berrou cara a min - imos ver a treboadas dende o Buraco.

Atravesamos as corredoiras entoxadas, coma donicelas asustadas, correndo a buscar refuxio entre o mato. Pero nós seguíamos a alancar, rabuñando as ganas contra a chuvia. Cando chegamos, os raios recorrían o ceo de Silleiro a Cabicastro. Ficamos enriba dun penedo, a carón do Buraco, a mirar aqueles lostregóns prendidos que baixaban das nubes para alumear as chairas dos carromeiros.

- Esta é a nosa Quintana, mariñeiro sentimental – bruou Roberto -. Estou tan feito de mar e de naufraxio que case vou deixar que me arrastren as correntes oceánicas. Naquela foto nosa de cando nenos eu era o buraz -. E estralou en risos.

- Oíches –díxenlle contra o ruído do furacán -, imos fazer outra foto, coma a que temos no recheo, de cando eramos rapaces, bótame o brazo polo ombro

Enriba daquel penedo, agarrámonos cos brazos por riba dos ombros, mentres agardabamos polo lostrego máis luminoso para tirar a foto.

Agardabamos polo trono que ía espertar á serea dun soño de nenez esquecida, aquel que aboia nas táboas do peirao

- Somos nós serea! – brrou Roberto -. Estamos aquí agardando por ti para que nos fagas a foto. Vas vir?... Onde andas nosa raiña?

E un lóstrego oceánico cruzou o infinito - para nós durou un intre de vida enteira-, e puidemos ollar no mar o xurdir esvaradío dunha manda de sereas cubertas de verdello, cabalgando cara o sur por riba do cumio das xerfas.

– Ei van, ei van!... - berrabamos os dous entolecidos, escorregando cantíis abaixio, mollados ata a cerna do asombro.

Ao día seguinte embarcamos, para regresar a terra, nun veleiro de dous mastros tan altos que navegaba rachando as nubes póna metade. Ia cheo de turistas. Vendíanlle unha visita á cova na que viven as sereas. Un deles, que falou con nós en francés, achegouse para que lle fixésemos un retrato. Entregoulle a máquina a Roberto. El colocouno contra o costado de estribor, co mar bravo do Buraco facéndolle fondo, e premeu no botón. “Xa está, meu, non se debe nada”, comentoulle en galego.

Aquel habitante dun fogar en Bruxelas deulle as grazas, detívose a mirar a pantalla para ver que tal saíra. Estupefacto levantou a cabeza e mirou a Roberto, que lle sorriu. Logo virouse contra o mar e durante minutos interminables agardou. Coma unha estatúa antiga, unha cariátide recuperada dos fondos mariños de Alexandría, agardou por un novo chimpó daquel peixe que na foto tiña medio corpo de muller.

IV. As viaxes de Ulises.

Foi un verán que comezou cunha foto tirada nun esteiro luminoso de Durness e rematou paseando polas rúas de Edimburgo. Durou o que tardamos en estudar e fotografar as embarcacións tradicionais que atopamos ciscadas pola costa escocesa. Viñamos de rematar a campaña das Hébridas.

Cando abandonabamos os cantís de Dover, atravesando o mar da canle, pregunteille a Roberto polo seu soño de gobernar unha dorna con porto no Curro de Ons. Aquel seu cobizo de neno, tan envellecido como as nubes que regresan de dar a volta ao mundo. Roberto faloume dun home que non daba atopado, o que tiña unha dorna no corazón e un estaleiro nas mans para construíla.

- Algun día, ese home fará unha dorna para min.

Descansabamos en Marsella cando mo dixo. Estabamos aparellando unha viaxe que remataba en Atenas, na praza da Plaka, na casa de lorgos, noso

camarada grego. Iniciaramos a peregrinase cara o sur dende Plymouth, nun barco estibado de contedores cargados con soños que non eran nosos.

Asegureille que aquel home non existía, que era unha lenda da súa imaxinación. Non me creu.

- Ten –alentou- dedos de carpinteiro de ribeira, arruinados de clarear chicos, con tellado de uralita nas unllas.

En Palermo adornamos o mantel de papel na terraza onde xantabamos cun regueiro de paxaros que voaban máis alto có ceo. O camareiro achegouse, enxergou, sinalounos co dedo e mirando para Roberto confirmounos o rumbo ao dicir: "Whitebirds, living at the sea".

- O mar é o lugar máis aberto que teño para esconderme.

Murmurou para desembarcarnos e seguir pola estrada cara Dubrovnik. Era unha noite de lúa chea na que Roberto conducía guiado polas estrelas. Nos peiraos de Dubrovnik amarraba o cruceiro "Spirit of the Legend", e apostou consigo mesmo por outra noite sen durmir.

- Quero mirar como navega ese xigante.

Desatracaba no abrente dese día, no que nós íamos cruzar os Balcáns. Apañei a Roberto na madrugada, bailando no barullo da xolda, botando urros a cada chifro de adeus do monstro que se perdía coa marea. Embarqueino enganado no auto, cuberto cos confetis da despedida; para que imaxinara que abandonaba a cidade dende a ponte daquel barco de cócteles e orquestras.

Non espertou ata a fronteira grega. Ao policía que o abaneou para que lle amosara o pasaporte, aseguroulle que o tempo se nos vai en achicar a caldeirazos os desexos que deixamos sen cumplir.

- Teño que regresar - apurou ao garda -. Non podo perder máis tempo. Cando chegue buscarei ao home que ten un estaleiro nas mans e preparareille un alpendre na beira do mar.

Despedímonos no Peloponeso dándonos unha aperta de mar. Alí sentenciou o meu destino de naufrago e separámonos nos peiraos de Patras, ao pé do ferry-boat que o había de levar a Brindisi, camiño da casa. Mireino navegar, coas mans fincadas na varanda de popa, cara os fins do mundo onde nace o océano, o centro das nosas orixes.

Continuei eu só pola estrada que me levaba a Atenas, ao encontro de lorgos Argiris, o grego hospitalario da Plaka. Traballei durante meses en cargueiros con base no Pireo, que facían travesías labirínticas polas illas do continente. Cando cansei de manipular guindastres e baldeirar cubertas, retireime a un

chouzo de trabes mariñas, nunha vila costeira turca. Ia vivir en Bodrum, preto de Efeso, nun lugar levantado nos areais onde o tribuno romano Marco Flaminio comezou a procura da Cidade dos Inmortais. Alí remendo aparellos e durmo cunha muller que me doe por todo o corpo.

Nun lamacente serán de inverno, no patio da taberna no que xogo contra un espello a mesma partida de backgammon, día tras día, recibín unha carta súa. Abrín o sobre cunha saudade doce de lembranzas nas xemas dos dedos. Dentro atopei unha foto e un debuxo, que me pareceu breve e infantil, escrito nun papel.

Na foto estaba el cun home barbado con pucha de mariñeiro holandés. Aparecían de pé diante dun estragado estaleiro de ribeira. Un espazo que transmite a maxia que se necesita para construír un destino. No escrito, un garabato feito con palabras que queren semellar o casco dunha embarcación, lin, recorrendo a cuberta, seguindo pola cana do temón, rematando na quilla oceánica: Atopei ao home lenda, o que ten un estaleiro nas mans. Atende polo meu nome, Roberto, e está agardando por ti para navegar nunha dorna construída coas mesmas mans que fan virar os ventos.

V. As embarcacións de Ulises.

Pasaron anos antes de que eu regresase a Esteiro, a vila dos meus pais. Aparquei o auto no recheo novo, a carón do peirao da foto dos rapaces e boteime a camiñar pola praia.

Que despois de tanto tempo o estaleiro de ribeira seguisse en pé noutro extremo da praia alegroume cunha sensación semellante á que sentimos cando un fillo se nos durme no colo. Sorprendeume atopar alí traballando a Roberto, perdido había anos en Patras, nunha mudanza estraña de cronomoxías. Fóramos - había cantos séculos? - confidentes íntimos nunha nenez inxenua de gamelas e rapetas, e unha xuventude de viaxes erráticos.

Polos repasos que me facía a miña nai cando vivía, imaxinábaos de ebanista nalgunha cidade do norte de Europa. "Deixeino todo e regresei de Berlín", contouome. "Agora estou entregado a arranxar as chalanás que morrían abandonadas pola desidia. Fíxate nesta marabilla, é unha traíña con más de cen anos". Enxergueino. Conservaba aquel brillo irónico de ventos encontrados nos ollos. Admirei a velocidade dos seus reflexos para apañar nun aceno da súa cara a transparencia dun tempo vivido había moitos anos.

Estabamos os dous de pantalón curtos de tea gris e camisa branca manchada con cuspe de miñoca, cholitos nos pés, estomballados, un serán quente de verán, enriba das táboas do peirao vello. Tiñamos unhas canas enredadas nas pernas e as liñas metidas baixo unha superficie que nos reflexaba. Unhas

cortizas aboiaban facendo círculos ao redor da tanza, como medusas fondeadas nun mar de ninguén.

Aquel serán de pesca entretiñámonos falando das rutas interminables das baleas, mentres oíamos o chío das gaivotas. Pasaron as horas, e nós seguimos estomballados de costas contra as táboas. Cando comezamos a recoller as liñas, xirando as canas, decatámonos que unha delas ofrecía resistencia. Asexamos curiosos por riba das táboas e miramos un peixe dentro do mar coas aletas abertas e a boca atravesada polo amocelo. A min parecíame que interpretaba unha danza que encerraba un segredo incomprensibles para un meniño. "Vai saír voando", exclamei agarrando a Roberto polo brazo. "Non - respondeume zafando o seu brazo -, non sexas papán, só está loitando por vivir". Camiñamos polo peirao ata o recheo co buraz pendurado da liña, miña nai, Clara, apareceu de ningures e fíxonus unha foto.

"E ti? - preguntoume regresando ao presente -, segues de mariñeiro de altura?" "Sí - respondinlle -, sigo nese mundo". Despedímonos.

Cando me estaba indo, virei a cabeza e olleino anicado sobre a embarcación. Roberto, nun movemento que me pareceu lentísimo, tamén se virou, mirou-me e berroume: "Volve mañá, vouna botar a navegar e ti débesme unha travesía. Iremos contra os mares de fóra, deica a porta entre as illas. Esta traíña vogou por riba do remuíño que facían aqueles peixiños bailaríns, lembrais? Ti levabas razón, aquel buraz da foto quería voar coma un paxaro."

Logo volvuse contra o costado e seguiu encintando con brea as fendas aber tas nas cadernas.

VI. O amor de Ulises nas beiras do mar.

Movín as mans no aire, como un tremor agónico de bolboreta, para prender un cigarro, e seguín pensando naquela taberna na que se abillaba o viño, enfiaban poemas e comían alcriques. De cando en vez tamén cantabamos cancións de mares tan remotos e perdidos que acudían mascatos e paíños esgotados a escoitalas.

- As portas eran verdes, verdade? - Pregunteille á memoria teimuda que nunca me abandonaba. - Si – respondín -, e dentro todo estaba impregnado dun reseso cheiro a salmoira e fume de tabaco inglés.

Premín co dedo polgar no isqueiro, dinlle lume ao cigarro que sostiña nos beizos e arfei fume. Arqueei profundamente a primeira chuchada e seguiría a falar comigo mesmo. Narrándome vellos segredos con sabor a balor, recordos que se bebían nas mesas comunais da taberna, colocadas contra as paredes, xa cunha madeira tan gastada coma os papiros que descifraban o nace-

mento do mundo. As mesas da partida naquela taberna rexentada por un home coxo que ulía a fiúncho.

- Claro, as portas eran verdes -, asentín enlevado; coma se as estivese tocando coas meniñas dos ollos, cando o que tiña diante era un espello.

Decote acudía alí unha rapaza que sentaba no curruncho máis oceánico do local e lía as páxinas dun xornal imposíbel que presaxiaba mareas de gozos para os días vindeiros. Sorrín remexendo o café. Levantei o vaso, apenas sotido polas xemas engurradas duns dedos case transparentes. Desorientado nos labirintos de canizos chantados en areais branquísimos, seguindo o rastro das pegadas daquela muller que lía o xornal.

- Canto tempo levaba morta? Máis da metade da miña vida, e iso era moito tempo -, acordei en murmurio; porque eu xa son un vello. - Son un vello, fixáte en min, un vello -, confeseille ao espectro que tiña diante na mesa, sentado coma min, sorbendo un café con leite servido nun vaso de vidro grosso, e que non era outro ca eu mesmo reflectido no espello. Coa camisa de flanela abotoada ata o colo, o xersei gris de pico e unha americana de tweed que mercara había anos nun porto frío do norte, nun país que non era o meu.

Travesías dunha madurez que agora me parecían más arredadas e estrañas ca unha nenez tan visualmente próxima. Estirei o brazo para tocarlle as engurras a aquela cara do espello, sabendo que llas tocaba á anguria de saberme o home máis deshabitado no planeta da desesperanza, de ser membro da tribo dos que só teñen recordos; aqueles que só viven acompañados de si mesmos. Vinme duplicado naquel espello da cafetería e dubidei da realidade daquel intre, escurecido polo presente e abandonado á sombra da nostalxia.

– Claro - bisbei coa cinza grisalla do cigarro esluíndose por entre as engurras do xersei -, as portas eran verdes e tiñan uns cristais esmerilados, coa masilla apiollada dunha invernía eterna nas regañas.

Tremeu a culleriña dentro do vaso de café co vendaval dos anos azoutándome nas mans. Mirei os dedos arames dun tempo que era unha resaca de mar de fondo abalando fragas de carromeiros. Chincou a culleriña contra o vidro polo abaneo imparable do vaso nos dedos.

Estaba de novo cobrando do cabo dunha rapeta que nunca saía do mar das lembranzas. Cada pulo no chicote era un pantocazo sen remedio que me levaba a recorrer a casa da fachada caleada de branco, a cociña de azulejos delicados, onde medraba o util biscoito do misterio. Os armarios ordenados en anos de sabas encartadas, con bolas de alcanfore disolvéndose nun aroma de estacións. Os libros nos estantes e a folla coa pluma e o tinteiro ao seu carón. A luz coándezose polos visillos, os ruídos das portas. As carreiras polos

corredores das cancións das miñas irmáns. O nome da nai, Clara, na boca das meniñas, nos chíos alegres das retesías.

Aquela casa nosa tan habitada que nin de noite acougaban as preguntas, nin as chamadas. Nin sequera as conversas, interrompidas pola magnitude do urxente, agardaban á mañá do día seguinte para encanar ese destino venturoso das palabras. O destino das palabras ganduxadas ao destino da miña vida. Unha vida para falar sen fin, que é danzar sen fin nos bailes da imaxinación, co devezo de ser pronunciadas, de facerse son, de ser brevemente elas. Que busco eu, Ulises, que nunca deteño o meu navío? Busco a única realidade dun intre na existencia do mundo. Si, o que busco é ese intre.

Alí, na casa dos alicerces mariños, era onde se concentraban todos os deseños e as horas se convertían lentamente en historia. Aquela historia que eu escribía na mesa da taberna atendida por un home que ulía a fiúncho, e onde había unha muller que bailaba coas estrelas. Quería descubrir na mirada daquela muller océano o latexo tenaz do magma que a min me rebentaba pola boca. Provocar unha colisión de epidermes. Enlearme con ela nun roce brutal de acenos estáticos, e depenarnos polas fervenzas do suor que se evaporaba dos corpos, formando unha cova de miañeiro laios. A cova na que viven os animais feridos polo desexo cósmico dunha aperta sen final.

Í fallo dicir na taberna que recendía a fiúncho, cando Clara, miña nai, agarroume polo saúdo, que xa era alento de esquecemento pola présa que levaba, e alumoume a cara coa ardentía máis transparente da primavera ao darmee a nova.

- Teu amigo Roberto baixou enramallado do monte e Ramón, teu pai, acaba de chegar das mareas do Gran Sol.

Pechei os ollos, mexei a cabeza cara atrás e deixei que o pelo me rebordase polo colo da blusa. Sentín o vento do norte batendo nas velas vermelhas da esperanza e deixeime levar polo son rítmico do mazar dos polbos contra o penedo da certeza: Ramón chega do mar e Roberto baixa da esculca a recibilo para cubrilo de flores.

O verán da miña vida esvaraba por ramplas de escamas prateadas. Abeirados a carolinos nos que aboian estrelamares abisais de cinco puntas, Roberto, Maruxa, Salvador, Mela e Santi, argallaban papaventos con debuxos de esteiros en seráns magníficos, na praia de Beluso á sombra dos piñeiros. E para min, que como Odiseo pelexaba con monstros e devecía por sereas, a muller que lía o xornal, labrárame un debuxo na mesa dos encontros. Os trazos daquel debuxo agoiraban que as papoulas ciscadas nas cunetas portaban alcumes de peixes bravos, paxaros ceibes, bolboretas de ás transparentes e olladas de luminosa cegueira. Levantei a cabeza do labirinto inscrito na madeira, e iniciei unha ruta sen retorno polos territorios virxinais da ledicia.

- Os tempos dos gozos, patrón, tamén chegaron para min - confeseille ao meu pai.

Alanquei pola ribeira solitaria de Esteiro cos brazos abertos e os dedos das mans peneirando a norestada. Foi o tempo anterior a que o aire dese a volta traendo unha invernía temperá de sombras, un único aviso de naufraxio, unha parálise ingrávida de gaivotas enriba do xarabal. A onda branca do asombro deixoume estantío, coa roupa toda virada en mortalla, os ollos tinguidos coa tonalidade gris das nubes e o frío dos icebergs conxelando as palabras.

Roberto, o día da nosa partida cara Edimburgo e de alí a Durness, onde comezaríamos a campaña das Hébridas, amarraba un ramallo de xestas fledoado no frontal do autobús que nos levaba ao aeroporto. Un transporte que emprendía unha viaxe pola noite dun tempo ido, prematuramente podreido. Esparecía aquel vehículo un fume de bágoas vermellas, azuis e violetas; un palangre de palabras nos ouvidos deitados contra a terra que só escoitaban o rumor profundo dos laños.

- Tiñas que chegar á taberna das portas verdes para borrar o agoiro.

Apuroume a pantasma de min mesmo no espello.

– Fun alí –espeteille -, mais soamente atopei abandono e ruindade. Un mudo bater de ausencias nas ventás que deixara fuxir o recendo do tabaco e o cheiro a salmoira. Entrei, derrubeime enriba da mesa, na que ela deixara, nunha apresurada fuxida, esquecida unha foto cunha despedida. Ela, Luísa de nena, aparecía cun bote polbeiro nas mans, e tiña posta a mirada nun rumbo de empopada cara á boca da ría. Cara aos mares abertos das sereas, onde comeza a manobra sen retorno das singraduras.

- Ulises, o amante das sereas. Un destino fodido o teu, compañoiro.

Asubiou o meu reflexo no espello entre toses de tabaco, apagando a cabicha no cinceiro.

Xaime Toxo



Sofía Rodríguez Suárez

Nacida en Salvaterra de Miño en xaneiro de 1973. Licenciada en Historia Moderna pola Universidade de Santiago de Compostela. Actualmente traballa na Biblioteca Municipal do concello de Ponteareas.

No ano 2007 publicou o libro “Historia de Salvaterra de Miño”, editado pola Deputación de Pontevedra. Colabora coa revista Pregón, revista divulgadora do Corpus Christi en Ponteareas onde publicou varios artigos.

En decembro de 2011 foi gañadora do V premio de investigación Fermín Bouza Brey concedido polo Concello de Ponteareas ao traballo titulado “A vida e as xentes de Ponteareas a través das páxinas de El Tea”.

La isla de San Simón

Sofía Rodríguez Suárez

La silueta de los eucaliptos y la brisa despiertan el miedo que invierte en el hueco más profundo de mi memoria. Revivo aquellos lejanos días mientras caminamos por los senderos empedrados rodeados de setos de boj. Mi corazón late desbocado al observar los impresionantes edificios de piedra donde permanecí encerrado durante trece interminables meses. Para apaciguar el temblor de mis manos, aprieto el brazo de mi mujer Carmen y Antonio, nuestro único hijo, me da una palmada en la espalda. Lágrimas traedoras se deslizan por mi rostro serpenteado de arrugas profundas.

El guía, un muchacho melenudo, comienza su explicación sobre la historia de la isla. Mientras habla de los trovadores medievales que loaban el mar de Vigo, cierro los ojos. Una pareja de la Guardia civil aporrean la casa de mi madre. En medio de sus gritos, suplicas y llores, me arrastran y me golpean con las culatas de sus fúsiles. “¡Fillos de Puta! ¿Quién va a cuidarme en la vejez si os lleváis a mi Manolo?”

El embarcadero apenas ha cambiado. En una barcaza, apretados como en una lata de sardinas, temblado de frío y miedo, viajábamos diez hombres jóvenes de miradas perdidas. Sabíamos con certeza que nuestro futuro había dejado de pertenecernos, víctimas de la locura que azotaba el país. Al desembarcar, en fila india, nos condujeron a una plaza donde nos obligaron a desnudarnos y nos lanzaron baldes de agua helada. Semidesnudos y temblando, nos llevaron a un dormitorio donde había esparcidos sobre el suelo de piedra cientos de jergones viejos. Nos tiraron una manta agujereada y un mendrugo de pan enmohecido. Exhaustos, acomodamos nuestros cuerpos magullados por la brutalidad de los guardias. Acurrucado como un ovillo, permanecí despierto toda la noche, escuchando el sonido del mar al batir en las rocas, los lloros silenciosos, los cuchicheos, las pesadillas de los compañeros, los picotazos de bienvenida de las chinches y las pulgas y las corrientes de aire jugueteando con los postigos de las ventanas. Los guardias nos despertaron pinchándonos con sus armas.

El guía nos conduce a la antigua prisión. Los recuerdos cabalgan desbocados en mi mente, aprieto con más fuerza las manos de Carmen. Por una rendija de mi memoria, escucho los gemidos de mis compañeros, las conversaciones a media voz, el rugido del atlántico combinado con el sonido incesante de los picos puliendo la piedra. Olfateo el aire en busca de aquel olor nauseabundo que combinaba humedad, sangre seca, enfermedad, orines, sudor y suciedad. En una de las paredes se conservan palabras incomprensibles grabadas por los presos, rayas que simbolizaban el paso de los días.

Una nueva parada, el guía se detiene en la zona donde eran las cocinas y la enfermería. Carmen y yo nos sentamos en un banco de piedra, Antonio permanece a nuestro lado rascándose la palma de la mano derecha.

Apenas había comida. El agua hervida del desayuno calentaba nuestras tripas. Comíamos un rancho exiguo, según los veteranos, sopa de las ratas que nos visitaban durante las noches.

El guía se asoma al balcón para contar que colaboración de los pescadores y de las mariscadoras mejoraron la vida de los presos. Carraspeo para interrumpirlo y, así contar mi historia, Carmen me lanza una mirada implorándome silencio. Antonio se aleja para observar de cerca las fotografías de oficiales que cuelgan en una pared lateral.

Con la marea baja, mientras las mujeres rastrillaban la arena en busca de almejas y berberechos, los guardias las piropeaban. Una mañana, al ver los vigilantes distraídos, un compañero de A Coruña, intentó escaparse. Apenas había avanzado veinte metros, cuando el vigía dio la alerta y descargaron sobre él sus fusiles. Su sangre se diluyó en el Atlántico. Las mujeres aterrorizadas apartaron la mirada. Convivíamos con el miedo a la muerte, era un prisionero más, tan real y tangible, que se podía palpar y al que intentábamos ahuyentar con cada martillazo.

Una de las mujeres me enloquecía. En cuanto aparecía vestida de negro, con su cesto en la cabeza, contoneando las caderas, no lograba apartar la mirada. Tenía el pelo largo castaño, el rostro curtido por el sol. Su cuerpo ancho, tetas grandes, sus faldas remangadas dejaban adivinar sus piernas torneadas. Me desesperaba de celos cuan-

do el sargento Meléndez, un hombrecillo pelirrojo, con su sonrisa zalamera, la piropeaba.

Una noche de insomnio observaba las estrellas cavilando en mi madre cuando descubrí a Carmen acompañando a un hombre mayor que entregaba una caja a los militares. Un atardecer de tormenta observe zozobrar una embarcación. Solté el pico, me saqué las botas agujereadas y me lancé al Atlántico. Luché contra el frío y las corrientes para arrastrar el cuerpo de una mujer hasta la orilla. Exhausto me tumbé a su lado. Los guardias nos rodearon apuntándonos con sus fusiles. Meléndez me apartó de su lado con un empujón y se arrodilló a su lado susurrando "Carmen" y le dio una bofetada en la cara. Carmen tosió, abrió sus ojos negros desorientada. Él me envió a la celda de aislamiento.

Carmen invadía mis sueños cada noche. Ansiaba juguetear con su cabello castaño, acariciar su cuerpo voluptuoso, saborear su piel morena, oler su perfume a salitre. Su imagen y sus miradas me ayudaban a sobrevivir de la pesadilla y la incertidumbre de aquellos días. Los compañeros llamados en mitad de la noche no regresaban y eran reemplazados por desconocidos cargados de noticias atrasadas y desesperantes. La locura de la guerra continuaba.

Observo una fotografía donde un grupo de guardianes sonríen satisfechos con sus uniformes lustrosos y no puedo evitar pensar que sentían cuando nos "paseaban" por el único delito de pensar diferente.

Una noche, a finales de mayo, Meléndez, pronunció mi nombre en medio de la temida lista. Con la cabeza gacha, caminé hacia la puerta.

Custodiados por dos soldados casi imberbes y el sargento nos subieron a una barcaza. Tras una breve travesía, desembarcamos en una calita. Nos empujaron por un camino estrecho y empinado. Como cerraba el grupo de diez prisioneros, el sargento me encañonaba con su fusil. Un compañero cayó, nos detuvimos entre gritos. El sargento me cuchicheó "no corras". Giré la cabeza sin comprender y recibí un culatazo. Al llegar a un pinar, nos dieron palas para que cavásemos un agujero profundo. Cuando terminamos Meléndez gritó que éramos libres. Mis compañeros corrieron internándose en el monte. En vez de

uir, me moví despacio y me escondí entre dos rocas. Los disparos rompieron el silencio de la noche.

— Cabrones, hijos de puta.

Tumbado sobre el tojo, me mee. Acobardado, lloré en silenció, rumiando oraciones que creía olvidadas.

El guía termina su explicación. Carmen y yo vamos a la capilla. Antonio se pierde en una de las salas de exposiciones, busca un hilo para conocer a su padre biológico.

—Vámonos, las alimañas rematarán el trabajo— vociferó el sargento.

Permanecí dos días escondido en aquella cueva, sin comida ni bebiда. El segundo anochecer creí alucinar porque escuché una voz llamándome. Confundí la silueta de Carmen iluminada por la luna llena, con la muerte. Jamás habíamos cruzado una palabra y allí estaba abrazándome, atusándome el cabello negro como si fuese un niño y alimentándome.

Para espantar nuestros miedos, Carmen hablaba sin parar. Me contó la historia de su hermano desaparecido tras su detención. Habló de su madre enferma de tristeza y de su padre que se apagaba pegado a una botella de aguardiente.

—Mañana a las diez sale un barco para Argentina. El Perico esconde en la sala de máquinas a rojos. —me entregó una bolsita de monedas.

— ¿Por qué me ayudas?—enlazamos nuestras manos.

—Te debo mi vida y es mi forma de luchar contra esta guerra que sobre todo perjudica a los pobres, llenando de dolor y miseria sus vidas.

— ¿Qué precio has pagado por mi vida?—le pregunté de sopetón, me soltó las manos. Su dedo índice calló mis labios. La agarré con furia por las muñecas, introduce mi mano por debajo de su falda. En aquella cueva lúgubre nos amamos por primera vez.

La sirena de un trasatlántico abandonando el puerto de Vigo, despierta los recuerdos de mi primer viaje a América.

La isla de San Simón

Embarqué para Argentina el día siguiente. Regresé tres años más tarde, con un pasaporte falso y algo de dinero en los bolsillos. Nada más desembarcar, corrí a buscarla. Pregunté en su aldea, casa por casa. Tiritaba de nervios cuando llamé a su puerta. Me abrió un niño de dos años, semidesnudo, con el cabello rubio rizado y pelirrojo y con los ojos de Carmen.

Detrás llegó Carmen, más delgada, con su eterno vestido negro, sus ojos rodeados de bolsas. Al verme dejó escapar un suspiro interminable. Nos fundimos en un abrazo, el niño llorando tiraba de sus faldas. Ningún anillo brillaba en su dedo.

— ¿Es nuestro hijo?

—No—respondió bajando los ojos y sonrojándose—es hijo del...

Esta vez mis labios acallaron los suyos. No quería explicaciones, solo recuperar el tiempo que nos robaran y, si deseaba acompañarme, iniciar una vida al otro lado del Atlántico

Sofía Rodríguez Suárez



Marcos Dios Almeida

Amais de ecoloxista, cicloturista e galeguista, tamén son ilustrador, escritor, fotógrafo e Técnico Superior en Gráfica Publicitaria pola Escola de Arte "Antonio Faílde" de Ourense.

Actualmente traballo como debuxante e deseñador gráfico freelance, participando asemade en todos os certames de literatura, fotografía, cartelismo e banda deseñada aos cales me podo presentar.

Premios Gráficos

2º Premio Concurso de Carteis do Entroido de Cobres. Vilaboa 2006
Accésit Certame de Fotografía de Vilaboa 2006

2º Premio Conc. de Carteis da Asoc. pola Defensa da Ría. Pontevedra 2007

1er Premio Concurso de Carteis do Entroido de Cobres. Vilaboa 2007

1er Premio Concurso de Carteis da Festa do Cabalo. Nigrán 2008

1er Premio Concurso de Carteis da Festa da Istoria. Ribadavia 2008

2º Premio Cert. Fotográfico da Comarca de Pontevedra. Ponte Caldelas 2008

Finalista Certame Fotográfico "Turismodevino" 2008

Seleccionado I Concurso de Fotografía das Illas Atlánticas 2008

2º Premio Concurso de Carteis do Entroido de Cobres. Vilaboa 2009

1er Premio Concurso de Marcapáginas de Lalín 2009

2º Premio Concurso de Carteis do Entroido de Cobres. Vilaboa 2010

Finalista Certame Fotográfico "En Blanco y Negro" ArtGerust 2010

2º Finalista Concurso de Carteis do Entroido de Redondela 2011

2º Premio III Concurso de Lugares Secretos "1000 Caminos". Maio 2012

3er Premio III Concurso de Lugares Secretos "1000 Caminos". Marzo 2012

Premios Literarios

1er Premio Concurso de Relato Curto "Olladas á migración". Vilaboa 2007

1er Premio III Concurso de Relato Curto "Eduardo Chao". Vigo 2008

2º Premio X Certame de Contos "Cultura Quente". Caldas de Reis 2008

Finalista V Certame de Narración Curta de Curtis 2008

Finalista XIII Concurso de Microrrelato "Todos somos diferentes". Madrid 2008

2º Premio I Concurso de Relatos "Ciencia que Conta". Vigo 2008

13er Finalista VI Concurso de Cartas "Dillo a quien maltrata". Lalín 2008

1er Premio III Concurso "Contos de Nadal". Lalín 2008

1er Premio I Concurso de Relato Erótico Sexapilas. Madrid 2009

Finalista Premio Don Manuel de Narrativa Curta. Moralzarzal 2009

Accésit V Concurso de Relato Curto de Cigüñuela 2009

5º Finalista V Certame de Relatos "Villa de Cabra del Santo Cristo" 2009

Finalista XIV Concurso de Relato Curto "Todos somos diferentes". Madrid 2009

2º Premio XIV Conc. de Microrrelato "Todos somos diferentes". Madrid 2009

9º Finalista VII Concurso de Cartas "Dillo a quien maltrata". Lalín 2009

2º Accésit IX Concurso de Relatos "Amigos do Camiño". Compostela 2009

Finalista I Certame de Microrrelato erótico-romántico ArtGerust 2010

Accésit I Concurso Literario "Cuentos del Hammam" 2010

13er Finalista VIII Concurso de Cartas "Dillo a quien maltrata". Lalín 2010

14º Finalista VIII Concurso de Cartas "Dillo a quien maltrata". Lalín 2010

Finalista I Certame de Microrrelato de Ciencia Ficción ArtGerust 2011

3er Premio II Concurso de Relatos "1000 Caminos". Xuño 2011

Seleccionado III Concurso de "Microrrelatos sobre Abogados". Maio 2011

Seleccionado III Concurso de "Microrrelatos sobre Abogados". Xullo 2011

Seleccionado III Concurso de "Microrrelatos sobre Abogados". Agosto 2011

Mención de Honra XVII Cert. Literario Manuel-Orestes Rodríguez López 2012

Accésit III Certame de Novela Curta "Vila de Negreira" 2012

A novena onda

Marcos Dios Almeida

Funme... coa vista perdida no rasante voo da negra canilonga, a cal bicaba coas súas permeábeis ás a procelosa superficie dun océano encabuxado, vidrado en augamariñas e cristais de Murano azuis escuros coma a noite, e callado nunhas escumas que resultaban tan brancas coma os poucos nuboeiros que lixaban un ceo completamente despejado.

Bruábame o vento mollado en salitres. Berraba alporizado a este esquierdo oído xordo meu, instándome a que liscara de alí, a que marchara por onde vira, desandando os pasos que me guiaban por un dédalo ignoto feito de aguzadas pedriñas. Eu, non obstante, fíxenme o parvo e seguíñ descendendo ata as portas do mesmísimo averno, ignorando os sinais dunha mai natureza que trataba en van de me afastar do perigo. ¡A min bravatas fanfurriñeiras!

Entón remembrei, cunha dor que punzaba o meu corazón esquivo, as duras verbas do pai da miña esposa, don Heraclio: ese pescador velleiro, que cría sabelo todo da illa e das misteriosas ameazas que parecían xurdir de cada buraco, de cada cavorco, cova ou cafurna aberta pola forza dos mares en tan esgrevios e negros cantís:

-Descansa a comida, Antonio... -replicárame horas antes.

-Xa lle dixen que vou pescar -respondéralle eu, malhumorado.

-¿Pero que necesidade tes ti de arriscar o pelello dese xeito? Non debes ir só ata ese maldito lugar. A miña filla arrestora está a durmir a sesta, a muller anda no pobo facendo as compras para o Nadal, e eu estouche demasiado canso como para te acompañar. Non coñeces ben a illa, xenro. A morte espreira o noso trencó camiñar disposta a se botar riba de nós se damos un mal paso. E aquí, esa fermosa dama, esa parca vestida de tebras, acha todos os seus folgos no salvaxe océano Atlántico.

-Non me veña con trécolas, don Heraclio. Se vostede chegou a vello andando polas rochas completamente só, eu non lle teño porque ser menos -cuspínlle eu, desairado.

-¡Pero ti non me es de aquí, rapaz! Ti naciches nun lugar manso onde o mar beixa con dozura grandes areais, ao abeiro dunha ría tan

calma coma un prato de sopa lizquente. ¡Moaña non che é Ons, neno! E ir pescar ao Gran Sol tampouco é o mesmo que agatuar por unhas penedías que semellan os cabeiros dun monstro antediluviano, xogándose a vida ao choutares de con en con, á beira dun mar implacable que pode sumirte nas súas profundidades nun luscofusco. Aquí o señor Neptuno tenche mans, rapazolo.

-E en mar aberto brazos que son quen de se levar a un barco de moito calado ata as fosas abisais, vello... Sonlle moito máis novo ca vostede, pero mirei ondas tan grandes coma castelos. E xúrolle que quen cae a esas augas en semellantes condicións non ten salvación posible -engadín moi farruco, como se eu fora quen de lle dar leccións ao pescador máis curtido das míticas Casitérides.

O vello enrabechouse e púxoseme vermello. Logo recolleu a cabicha que beliscaba cos seus lañados e tesos beizos, e apagou aquel cativo fogo encol dun fermoso cinseiro de Sargadelos.

-Nunca saín da illa, iso é certo: namorei da beleza desta patria chica arrodeada dunhas augas acuguladas de riqueza, e logo quedei completamente engaiolado pola moza máis garrida que naceu neste lugar deixado da man de Deus. Vivín toda a vida aquí, por amor... - Heraclio sumírase nos seus recordos, dominado pola nostalxia.

-Non se me poña tan melodramático -rosmáralle eu, desgustado pola tristura que comezaba a embargalo ao cismar no pasado.

-¡Non me interrompas, rapaz! -berregara logo o ancián, engurriando áinda máis a súa asucada e morena fronte de septuaxenario-. ¡Non che é mariconada ningunha, senón a pura realidade! Un pode facer moitas loucuras por amor... ¿Ou acaso ti non estás aquí por mor do que sentes pola miña nena?

Baixei a cabeza apesarado. Estaba por ela, si... Amábaa, claro que si... Pero o feito de que cada día houbera menos traballo nuns caladoiros completamente esgotados, baixo a cortante gadaña dunha crise económica global que afectábanos a todos e a todas por igual, era tamén unha boa razón para arriscar o pelello sacando un puñado de percebes das rochas máis inaccesíbeis, unha delikatesse que os turistas áinda pagaban de moi bo grao (e é que as luras, o congro e mais as centolas das Ons non teñen rival en ningunha parte do azul globo terráqueo).

-Se eu estivera canda ti, e caera a eses mares furibundos dos que tanto nos falas -engadiu o douto mariñeiro-, ti, compaño, áinda terías a oportunidade de me botar un salvavidas para me recoller coma

quen apaña unha nasa rechea co mellor polbo da ría. Pero se vas ata a furna só e simplemente das un mal paso sobre unha rocha mollada, caendo de lombos e dando un croque na caluga, podes morrer ipso facto, meu.

»Imaxina como será o choio nun día coma o de hoxe, no que o mar bota as súas vigorosas gadoupas aos espídos farallóns, aos cons e ao resto das infaustas penedías á procura da más insignificante das vidiñas.

»Hai resaca Antón... E pode que o mar non che pareza demasiado bravo, pero ten a forza de mil diabros.

Puxen un xersei tecido polas habelencias mans da miña sogra, cuxa mestría lograra mesturar las tinguidas de cores outonais debuxando bandas grosas e onduladas, que asemellábanse ás mansas augas alumadas polos ouros dun solpor idílico. Logo calcei as chirucas, recollín un balde de plástico vermello do limpo terrazo, e despois de fitar para o pescantín -ao longo duns intres que se me fixeron eternos- marchei sen dicir esta boca é miña.

Perante a ferocidade daquelas augas que escachaban facéndose escumas contra unhas rochas tinguidas de ocre, aguzadas na punta coma se foran as pezas da boa dentame dalgún ser ciclópeo e submarino, cavilei que don Heraclio, unha vez máis, levaba razón.

Pero eu non podía pasar o día perante a caixa boba, ou pendente do que fixeran as mulleres. Asemade, en Noiteboa pretendía pórllas na mesa unha enchente de percebes de categoría. Con tan saboroso xesto, quería demostrar a aquela humilde familia que o menda seguía valendo para algo, e que, malia que non tivera estudos, éralles traballador e responsable coma ningún; polo que, consecuentemente, nun hipotético futuro tamén podía chegar a ser un bo pai para os fillos que a Rosiña e mais eu pensabamos ter.

A más terrible das incertezas envenenaba un futuro que aparentemente non tiña moita saída. Pero para min o camiño que me levaba cara o seguinte treito da vida, á procura do meu propio destino, estendíase encol do mar bravío tan rexo e recto coma o peirao do porto: un embarcadoiro que fora edificado sobre uns bos cimentos que xermolaban da rochosa base da illa tirando sempre cara a diante, enfrentándose a un mar impío, construíndo, dese xeito, un paso firme sobre unha superficie líquida supostamente insalvable, grazas a un mohete de argamasa pintado cun par de liñas de cor marela nas súas marxes que evitaba que os paseantes máis tolandráns caeran ao abismo.

Claro que, se cadra, eu xa estaba andando riba dessa mesma liña e a piques de caer pola borda ás augas dun mar asasino...

Os meus treboentos pensamentos non foron quen de adiviñar naquelhas vagas un sepulcro mareiro invisible, xa que, en realidade, parecían ter un tamaño más ou menos normal. Con todo, segundo o sabichío do Heraclio, aquelas ondas ás veces contiñan moita más auga do que parecía a simple vista, posuíndo un movemento de retroceso capaz de te levar con elas en poucos segundos, sen que de nada valearan os teus espasmódicos movementos para evitar o inevitable. As súas afirmacións parecéronme entón -na miña soberbia ignorancia- esaxeracións dun vello cacholán que -como pasaba tamén comigo mesmo- cría sabelo todo do mar.

Até aquel mesmo día, sempre cavilara que os avatares da vida debían ser medidos con regra e escuadra para termos consciencia da súa perigosidade. Pero tarde cheguei a me decatar de que non sempre o peixe grande cómese ao pequeno, e que, de cando en cando, o aleuto David enfrentase ao tórpido do Goliat disposto a abatelo dun croiazo certeiro.

As grandes embarcacións coas que esquilmábamos a Mar Océana parecíanme daquela xigantescas en comparanza coa milenaria e viquinga dorna polbeira, na que tanto navegara o meu sogro. Pero hai che dorneiros que son artesáns do mar, que coñecen cada recuncho da insua que habitan, sendo moi conscientes das consecuencias do máis leve cambio no vento, e sacándolle partido ao argazo seco depositado na area, aos máis feos moluscos pegados na rocha, e, por suposto, á inmensa variedade de peixiños que aínda poboaban estes mares galegos. Porque eses taludos homes aínda son mestres nas artes mariñeiras, e -como quen ri o último ri mellor- seica dende as súas barquiñas pintadas con brea envaidéncense perante monstros saídos de reconvertidos estaleiros, nos que viaxan mozos tan fachendosos e inexpertos coma min mesmo.

Un lóstrego, feito co xeo picado co que conservabamos a mellor pescada apañada no Gran Sol, percorreu as miñas suorentas costas coma a infausta bicha, que non sabes se é víbora real ou falsaria cobra viperina. Supoño que mirei escamas de mentira onde escintilaba a mesmísima pel do diaño feita H₂O salgado de cores vítreas. Supoño que non o pensei e que quisen baixar aínda máis, aproximándose á furna que, segundo o vello, só debía ser "visitada" en marea baixa, e únicamente nos días nos que o mar estivera ben acalmadiño.

Lóbrega, escura, profunda, abismal e arrepiante coma a boca dun dragón, aquela buraca infernal fendía unha parede feita de grandes laxas negras, que no seu címo esfarelábanse en cachotes cada vez más pequenos ata formar a fecunda terra das Ons.

O corvo mariño pasou novamente seguindo a rota de costume, pero ao reparar en min mudou o seu voar debuxando un omega que recobrou a súa inicial rectitude lonxe daquela azoutada baía. As piratas do mar, as preeiras e perfectas gaivotas patiamarelás, acubillábanse no máis alto das penedías, tras as herbas de namorar, e encol dos niños nos que incubaban a seguinte posta duns ovos de cor verdella cubertos por unhas pencas tan negras coma as miñas temorosas meniñas.

Preparei a cana e coloqueime entre o saínte do meu improvisado pedestal e a parede que tiña xusto detrás, tratando de evitar a forte ventada. Hai un refrán que di algo así como que “a río avolto, ganancia de pescadores”, pero supoño que a faciana occidental da illa, exposta á forza dun océano inmenso, é todo menos un relanzo de auga choca. Por iso, logo dun retrinco, vinas chegar...

Si... Alí estaban as ondas que auguraban o cambio da marea; a cal curiosamente estaban baixando de nivel, revolvéndose coma a cóbre-
ga ferida, lanzando arremetidas que, en ocasións, trababan con forza nos aguzados cantís, escachando en brancas escumas cunha enerxía que, de socato, amedrentou o esguízaro corpo dun mozo de trinta e poucos anos.

Quisen resistir, porfiando na miña destemida teimosía, arreponéndome aos consellos dun vello que xa non tiña gañas nin de andar, e entón unha vaga bastante grande pasou onda míñ dándome o primeiro sinal. Porfiei, e segundos más tarde fun testemuña do segundo acometemento.

Supoño que a terceira onda levaba consigo toda a caraxe dunhas augas que estaban a me advertir, malia que eu non quixera arredarme daquela profunda barranca por un pouco de auga salgada. ¡Que atrevida é a ignorancia, Deus bendito! ¡Que estúpido o orgullo que non se sustenta en nada que se poida mesurar! Minutos antes de vermas co encabuxado mar, coidara que a experiencia da que tanto se gabara aquel vello mariñán estaba restrinxida exclusivamente aos catro cantos daquela illa de forma alongada. Pero, ao ratificar as súas predicións, funme decatando de que aquelas fachendosas verbas non eran

necidades senón puro coñecemento empírico. E sóubeno porque a cuarta onda, áinda benévolas, púxome coma un pito.

-¡¡Merda e ostras perlíferas!! -cuspín, más mal falado do normal (moi probablemente polo medo que me encrespara a pelame, e que eu teimaba en non admitir). Unha mestura de "fai bo tempo, áinda me puedo secar", e "xa vai sendo hora de que saia pitando de aquí" encoleume no alto daquel posto de aparvado vixía.

Recollín a longa cana de fibra de vidro, e entón a quinta vaga -áinda más tremebunda ca a anterior- arrincoume o pau limpamente das mans. Semellante acometida xa non era advertencia ningunha; o mar mudara inexplicablemente, ou simplemente comezara a manifestar a forza que eu non lle quería recoñecer. Aquilo estaba a tomar un cariz moi pouco prometedor, polo que amarrei o balde -imprecando a todos os diaños habidos e por haber- e tratei de abandonar o lugar.

Pero a sexta e endemoñada "ondina" arrincoume o caldeiro, desestabilizándome por completo nuns momentos nos que me vin obligado a anicarme para me agarrar ao mollado e esvaradío penedo. Supoño que aquel foi o cuarto guerreiro da Apocalipse, e que os outros tres xa non pretendían asustarme senón atacarme de forma descarada para se cobrar a miña valorosa vida.

E creo lembrar que a séptima foi tremebunda, e que a onda guindoume ao mar coma se fora un boneco de trapo completamente desbaratado.

Para cando logrei espertar daquel pesadelo, braceando dende as profundidades ata saír a flote, a oitava vaga volveu a afundirme na auga fría, facéndome tragar litros e litros de augas con sal.

E a novena..., a novena ondiña, foi a tapadeira do meu acoso cadaleito, pois impiedume irremediablemente tornar ata a superficie para alas.

Aínda son quen de recordar que os segundos volvéronse séculos escuros... Aínda son quen de lembrar o son bruador das ondas rompendo nos cantís, e como o vento, que era un feixe deexasperadas airexas vespertinas, deu paso a un silencio voluptuoso que envolueume cuns sons apagados e distantes, solapados intermitentemente polo treboento bategar do meu corazón mozo, no interior dunha atmosfera asfixiante e líquida alumada por un arroibado sol.

Os verdes esluíronse nos malvas agrisados, lixando os azuis mariños que eran case tan negros coma a escura mortalla que parecía cinguirse arredor da miña existencia, pexando os meus convulsos e cada

vez más lentos movementos... ¡Menos mal que son un bo mergullador, e que nado coma un golfiño, que se non arrestara estaría más morto ca vivo!

Vin no meu maxín a anenada cara da miña Rosiña..., e logo dun par de horas de rabecha, de louca rebeldía, cismei novamente no espiño corpo da miña deusa e nos seus calorosos beixos, na súa ardorosa vida, que era a única razón da miña. E sei que chorei, e que as miñas bagullas esvaeceron nun medio acuático que acabara converténdose no meu tristísimo final.

"Miña nena... ¡ogallá sexas feliz! ¡Ogallá sexas quen de me recordar sen deixar por iso de vivir! ¡Ogallá eu siga vivo en ti, e mais no recordo que de min terán todos os que me quixeron algunha vez!".

E dese modo, facianas riseiras pasaron pola miña memoria, mirándome a min mesmo como a aquel fervello que xogaba na praia entre as rochas, apañando camaróns cun balde pequeno de plástico azul.

Daquela soñaba con ser un Robinsón Crusoe, que había vivir en liberdade e harmonía coa súa mociña nun atol deserto da Polinesia poboado por altos coqueiros, e custodiado noite e día por un exército de dentonas quenllas. Daquela pensaba que era posible amestrar ao más díscolo arroaz, usándoo logo como nobre montura para percorrer os sete mares. Se cadra, por iso aquelas infantís arelas chegaron a posuírmelos xusto cando comezaba a perder o sentido, xusto neses fatídicos intres nos que o oxíxeno xa non me chegaba ao cerebro. "¡Ogallá o golfiño do conto veña á miña procura para me salvar o pelello! Ogallá...", cismaba no fondo do abismo, estarricado encol do meu arento cadaleito.

E ao pouco escoitei berros afundidos nun silencio sepulcral.

Creo que ata notei unha labazada, e logo un longo bico que sóbome a tabaco rubio. O noxo que me daba aquel saibo fixo que lograra reaccionar. A cor celeste do ceo, embazada por un veo de formas irrecoñecíbeis, devolveume unha migalla de esperanza. Porén, supuxen que xa estaba morto, e que o Máis Alá non era tan terrible como eu chegara a pensar.

-¡¡Bótalo todo rapaz!! -berroume unha voz agreste, carraspeira, de vello pescador. E seica o meu corpo convulsionouse de repente, e que, xirando a cara, botei ata a bile que empezoñaba as miñas cavernosas entrañas.

Heraclio Patiño mirábame cos ollos cheos de bágoas e as súas grossas e alladas mans áinda trementes. Tiña a súa dura cara, cuns trazos adustos que parecían tallados a machada, completamente conxestionada. Os seus ollos azuis parecían unha racha do ceo, do cal agromara coma un deus pai bondadoso pero algo rosmón.

-¡Contra rapaz! ¡Perdín os meus tenis novos na auga e a boina do meu finado avó! ¡Parvo do demo! Case te me vas... -salucou cos ollos chorosos.

-¿Que? ¿Que me aconteceu? ¿Onde estou? ¿Que foi, vello? -balbucín coma un babeco.

-Pois que estabas afogando -contestoume el, máis feliz do que o mirara nunca-. Logo da nosa pequena disputa quedóuseme o corpo mal, e souben que algo malo íache pasar.

»Saín vinte minutos despois de que pecharas a porta de malos modos, camiñei devagar ata a zona, e cando mirei o mar picado berreiche dende o camiño, pero por mor do vento supoño que non me chegaches a escouitar. Logo vin como as ondas levábante consigo... Se non chego a baixar coma un macaco pola verea más directa, botándome a auga sen pensalo dúas veces, estarías morto, Antón...

Sorrín sen parar de bagullar coma un neno asustado. ¡Que ousada é a mocidade, deus de todos os mares, das terras emerxidas e mais dese altivo firmamento! E é que, logo de perder ao meu pai, Heraclio era, de feito, o más parecido que tiña na vida a unha figura paternal; sen me esquecer tampouco de que, unha vez más, o afoutou ex-percebeiro demostrárame que os velllos en moitas ocasións están no certo.

Foi entón cando volví percibir o acre saibo do tabaco enfastiendo a miña salpresada boquiña.

-Señor Heraclio... Sei que leva razón en moito do que vostede di, malia que eu non sempre lla dea, pero fágame caso no que atinxé ao que lle vou aconsellar, polo seu propio ben, polo da súa xenerosa dona, e mais pola saúde da Terra en xeral: sogro, polo amor do ceo, ¡déixeme de fumar!

Don Heraclio miroume e riu, porque non lle quedara outra ao bo home, xa que minutos antes eu xa non era quen de respirar.

¡Ai... bendita nicotina! ¡Bendito osíxeno! ¡Bendito e salvaxe mar!

Marcos Dios Almeida



*Manuel Rodríguez López
Fillo predilecto de Paradela*

Biografía

MANUEL ORESTE RODRIGUEZ LOPEZ, poeta, cronista e traductor, naceu en Randulfe, San Miguel de Paradela (Lugo) o 11 de decembro de 1934. Residiu na emigración en Barcelona dende os seis anos ata 1987, data na que se afincou definitivamente na cidade de Lugo, onde faleceu o 13 de febreiro de 1990.

Fixo estudos de Humanidades e Filosofía no Seminario Diocesano de Barcelona, e de Contabilidade e Lexislación Laboral. Traballou como xefe administrativo do departamento de personal nunha industria siderometalúrxica.

O longo da súa vida demostrou unha gran preocupación pola cultura e por Galicia, tanto na súa longa emigración en terras catalanas, onde chegou a ser cronista de tódolos actos referidos a Galicia celebrados en Catalunya, coma unha vez establecido en Lugo.

Froito das súas actividades literarias, publicou diversos libros, permanecendo parte da súa obra inédita. En verso publicou: **"POEMAS POPULARES CALEGOS"** (1968), **"SAUDADE NO BULLEIRO"** (1970), **"SOLDADA MINIMA"** (1979), **"ONTE E HOXE VIVENCIAL"** (1995) e **"A ATLANTIDA"** (1995), tradución ó galego do grande poema épico catalán de Jacint Verdaguer e **"MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ. POESIA COMPLETA "** (2009). En prosa: **"REENCONTRO COA ALDEA"** (1983), **"CALEGOS EN CATALUNYA 1978-1982"** (1983), **"CALEGOS EN CATALUNYA-2"** (1985), **"VIAJES CON ANXEL FOLE"** (1988), **"FESTA DA VIRXE DAS DORES DE PARADELA 1989"** (1989), libro-programa das festas e **"VOLTA A ESPAÑA A PE"** (1990), tradución ó galego do libro de Manolo Silva.

Ademais, colaborou en diversos libros colectivos, entre os que se atopen **"HOMAXE O CHE"** (1970), **"A NOSA TERRA"** (de "Libro de Oro", no centenario de Ramón Cabanillas) (1976), **"HOMENAXE MULTINACIONAL A CASTELAO"** (1976), **"GALICIA NO ANO 1979"** (1979), **"JOSE M^a ACUÑA"** (1983), **"OS ESCRITORES LUCENSES ARREDOR DE FOLE"** (1986), **"VOCES POETICAS"** (1987), **"PARADELA Y SU CONCELLO"** (1990) e **"ALIAD-ULTREIA. POESIA. PINTURA"** (1993).

Entre a bibliografía sobre Manuel Rodríguez López inclúense obras como **"Gran Enciclopedia Gallega"** (ver tamén o apéndice I), **"Medio cento de gallegos e Rosalía"** (1983), **"88 gallegos: una tierra a traves de sus gentes"** (1983), **"De Pondal a Novoneyra"** (1984), **"Diccionario de escritores en lingua galega"** (1990), **"Un paso de poesía. Poesía Galega 1961-**

Fillo predilecto de Paradela

1975" (libro e vídeo, 1993) "**Diccionario da literatura galega. I. Autores**" (1995), "**Diccionario de Fole**" (1997), "**Alén do azul. Unha ducia de poetas galegos en Catalunya**" (1999) e "**Vida e obra de Manuel Rodríguez López**" (2000).

Acadou numerosos premios, entre os que destacan os primeiros premios de poesía Meigas e Trasgos de Sarria nos anos 1976 e 1980 cos poemas "**TI ES ETERNO**" e "**NEOPLASIA**", respectivamente; o Premio Xosé M^a Chao Ledo no III Certame Literario de Vilalba, en 1977, con "**A EMIGRANTE**" e o primeiro premio do Certame Literario de Begonte en 1985 coa obra "**NOITE DE NADAL**".

En prosa, coa peza teatral "**VIVIMOS UNHA LONGA TRAXEDIA**", conseguiu o primeiro premio Nós de Barcelona en 1980. En Sarria, mereceron o premio Meigas e Trasgos os seus contos "**A MEIGUIÑAMEIGA E OS TRASGOS**" (1977) e "**QUEN ME DERA ATOPARME CO TRASGO**" (1986) e, en Baracaldo, "**BAIXA VOLUNTARIA**" (1978). Nos Premios Galicia de Xornalismo, quedou finalista na sección de Reportaxe, nas convocatorias de 1985 e 1987.

Manuel Rodríguez López colaborou asiduamente en medios informativos de Galicia, Catalunya e Arxentina. Publicou gran cantidade de artigos en diversos xornais e revistas de Buenos Aires; en *Coordenadas* e *Dorna*; no *Boletín*, en *Treboada* e *Alborada* do Centro Galego de Barcelona, do cal foi Cronista Oficial. Foi corresponsal de *Faro de Vigo* e de *El Ideal Gallego* na Cidade Condal, onde firmaba como MANUEL-ORESTE R. L., e habitual colaborador de *El Progreso* de Lugo, *La Voz de Galicia* e *Praza Maior* (voceiro do Concello de Lugo). Ademais, colaborou en temas de historia lucense, monumentalidade e viaxes en Radio Nacional de España en A Coruña e Radio Popular de Lugo.

Suso Vaamonde, Xerardo Moscoso, Alfredo González e M^a Carmen Otero musicaron e cantan varios dos seus poemas en numerosos recitais.

Co gallo do seu pasamento, foi nomeado "**Fillo Predilecto do Concello de Paradela**" e "**Lucense del año 1989**". En 1990 inaugurouse a Casa de Cultura de Paradela "Manuel Rodríguez López" e, no ano 2001, o novo "*Centro Socio-Cultural Manuel Rodríguez López*" tamén na capitalidade do Concello que viu nacer ó poeta paradelense. Dende 1995, vense celebrando cada ano o *Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López*, organizado polo Exemo. Concello de Paradela.

Máis información na web oficial de Manuel Rodríguez López:

<http://www.manuelrodriguezlopez.org/>

Santa Cristina de Paradela

Don Xosé estaba ó cargo de tres parroquias; pero só tiña licencia pra celebrar duas veces no mesmo día. Por tal razón, os festivos misaba, de cedo, en San Vicente, onde era párroco en propiedade, e ás doce alternaba San Miguel con Santa Cristina.

Aquíl domingo non a había en San Miguel e o Xan, coa familia, foi a Santa Cristina.

Os camiños da eirexa levaban moita xente aviada coas millores roupas. Todos ían a Misa: Uns por devoción; outros por costume e os máis polo «qué dirán» e non ser mal vistos do crego.

Na revolta de Camporredondo atopáronse coa Sara e a súa mai.

—Bós días, dixeron ambas e duas.

—Bós días. ¿E o teu home, Gumerinda?, preguntou a Maruxa.

—Estavos moi maliño. Onte atopouse pero que moi doente do estómago. Xa hai días que non ten apetite e síntese moi canso. As pernas non lle rixen.

—¿Terá a paletilla caída?, aventurou o Sidro.

—Iso che creo eu.

—Non será cousa de cuidado, ¿verdade?, interrogou o Xan.

—Diolo faga, respondeu a muller do Grilo.

Perto da eirexa hai unha fontiña que sempre está chea a rebordar. Din que é un milagre da Santa. Xa se pode sacar canta auga se queira ou xa se pode deixar intacta, que permanece no mesmo nivel e non se choca. E non corre pra ningures. E non se sabe de onde ven. Igoal dá que saquen valdes de auga ou non.

—Unha cousa sobrenatural, dixo a Maruxa ó seu primo.

E engadiu.

—Quizás descoñezas o sucedido na malla do Severino o ano pasado.

—Non sei. Conta, ¿qué pasou?

—Eramos máis de cincoenta na roga e foi que unha muxica saltou do motor á meda. Facía un algo de aire e, nun santiamén, aquelo tornouse nunha fogueira: Un fachuzo xigante, como diría o señor Xosé María... Berros de mulleres; uns homes que corrían con valdes de auga; outros que chegaban con mantas pra apachucar o lume; pequenos que se botaban ó colo das mais chorando e, no que ninguén matinara, caeu a Sara: Encheu unha botella de auga na fonte de Santa Cristina echimpouna escontra da meda que, no intre, parou de arder. Foi un milagre.

Fillo predilecto de Paradela

—Un casual, máis ben, atallou a rapaza.

—Os santos válense das mans inocentes pra manifestaren o seu gran poder, asegundou a Maruxa.

O Xan que, dende a festa das Doores, non volvera ter outra palabra coa Sara, ficou sorprendido polo relato da curmá e o recordo da Marta empezou a rebulir na sua mente: ¿Era unha arteira de finxida virtude? ¿Por qué diaños rompera íl coa filla do Grilo deixándose engaiolar por xuramentos de amor misturados con frechas verbo do creto da Sara? Tivérao engadado!

Aproveitando o barullo da xente que agardaba a chegada do crego, ousou bisbearlle algo que só ela puido comprender. A resposta foi un NON categórico e duro coma un seixo.

Diante do crego, considerado ente superior pola humildade aldeana, todos se desfacían en saúdos. Il mesmo tangueu a campá, tirando da cadea de ferro e a xente entrou na eirexa, axoellándose no chan de lousas. Algunxs levaban coíles almofadíñas pra por nos xionllos; outros debruzábanse Nas pedras graníticas e os máis ficaban de pé. O Xan rubiu a tribuna co Suso. Alí estaban o Paco do Leiro e o Xesús do Barreiros coa baralla na man.

—Pro, vós ¿a qué vides á Misa?

—Non señas parvo, ho!, contestou o Barreiros. En saíndo xa o verás. Veñen as rapazas todas e, logo despóis, hai que acompañalas á casa.

—Estamos agardando, dixo o Paco.

—E en algo temos que invertir o tempo, seguiu o Suso, arroupado polos amigos cunha longa gargallada afogada nos cánticos do pobo.

O rematar a función relixiosa, o crego requeou un responso polos difuntos da parroquia e a grea saíu despaciosamente do logar sagro.

No adro, o Xan sumouse á familia e máis á señora Gumerinda. A Sara, con outras rapazas, fá diante. Tras délas os xugadores de tute. O Suso coa súa teima de lles tirar pedriñas. O Paco do Leiro petando cunha vara nos penedos e Nas silveiras. O Xesús do Barreiros berraba:

—Ei Saral! Ei Rosiña! Ei Rosalía! Qué foncha vas, ti, Mediños! ¿non dades unha ollada?

—Teñen presa dabondo, dixo o Suso.

—A galiña escapa ó raposo, espetou o Leiro.

Cada vez alonxábanse máis as mozas e os rapaces. E o Xan viu como aló, na revolta do agro, a Mediños e a Sara viraban cara Pacios. Ian lixeiras prá casa e desbotaban a compañía dos tres argallantes.

¿Por qué lle pediría, —cavilaba o Xan na festa das Doores —que non bailara máis coela? As faladurías da xente ¿tacharíana en vendeoos toda a tarde xuntos? Querendo a un home ¿hai que temer ós que poídan caloñar?

«As mozas da aldea negan o seu prometido deica o derradeiro día de solteiras e avergónzanse de que os vexan xuntos».

Il descoñecía aquiles costumes. Tal fora o motivo de romper coa Sara e de encerellarse coa de Portomarín. Pero a Sara, ¿por qué había renunciar das súas tradicións?

«Os santos válense das mans inocentes».

O milagre de que falara a Maruxa ¿non abondaba pra encher de luz aquela noite pecha de entrambilicados laberintos que remexían na testa do Xan?

—A tarde baixa, vide!

—Iremos, sí.

—Contamos con vós, logo, que virá a señora Xusta e darache tamén remedio pro cativo, dixo a Gumersinda.

Chegaran a Camporredondo e o Xan ía tan cabiloso que nen siquer se decatara.

—¿Qué che pasa, Xan?

—Nada, Maruxa.

—Algo tés pra andar tan calado.

—Cousas da mocedade. Dudas. Loitas internas. Inquedanzas e amoriños...

O Sidro surriu e díolle ó seu curmán:

—Pois pra iso eche boa a auga da Santa. Bebida en aúñas, non hai cousa millor pro mal de ollo e escontra dos meigallos. Non tés más que facer a proba e ir durante nove mañáns á fonte, a poder ser, pasando a carón da casa do Grilo.

Manuel Rodríguez López

Do libro “REENCOUNTER COA ALDEA”

(Edicións Do Castro, 1983)

Fillo predilecto de Paradela

OS DIAS DA SEMANA

Lus: Abrinte, comenzo, suma e sigue,
principio dunha nova etapa
no decorrer monótono
de ensoñadas esprazas.

Martes: Estrada longa e costaneira,
chea de lama,
sempre a rubir
cara a mete lonxana.

Miércoles: Parte o peito
nas fresas, nos taadros ou na frágua!
Gaña o pan! O traballo dinifica,
enxendra forza e rexemera a alma!

Xoves: De sol a sol cumpriches
coa tua cárrega;
cada quen terma
da sua canga!

Vernes: A mala estrela
abúrate onde quer que vayas,
as inxusticias
son lousas que esmagan.

Sábado: Cobro mínimo. Non seña
que te arrepoñas. A soldada
há ser xusta. A cubiza
o espírito emporcalla.

Domingo: Día santo. Prega os xionllos!
ergue unha oración de gracias;
que tés saúde e tés traballo,
respiras, ollas, soñas... Non che basta?

ELS DIES DE LA SETMANA

Dilluns: Clarejant, inici, suma que segueix,
principi d'una nova etapa
al trànsit monòton
d'ensonyades esperances.

Dimarts: Carretera llarga i rosta,
plena de fang,
sempre pujant
cap a la meta llunyana.

Dimecres: Trenca el pit
a les freses, als trepants o a la farga!
Guanya't el pa! El treball dignifica,
engendra força i regenera l'ànima!

Dijous: De sol a sol has complert
amb la teva càrrega;
cadascú el seu mort
aguanta!

Divendres: La mala estrella
et burxa allà on vagis a raure,
les injusticies
son lloses que esclafen.

Dissabte: Cobrament mínim. No fos cas
que et revoltis. La soldada
ha de ser justa. La cobdícia
a l'esperit deixá taca.

Diumenge: Dia sant. Plega els genolls!
alça una oració de gràcies;
que tens salut i tens treball,
respires, veus, somies... No tens prou encara?

Manuel Rodríguez López
Dos libros "SOLDADA MINIMA"
(Edicións Do Castro, 1979) e
"MANUEL RODRÍGUEZ LOPEZ. POESIA COMPLETA"
(Edicións Espiral Maior, 2009)

Traducción ó catalán por Luis Jorge Rodríguez

A totalidade da traducción ó catalán de Soldada Mínima por Luis Jorge Rodríguez
pode verse na web oficial de Manuel Rodríguez López en
<http://www.manuelrodriguezlopez.org/>



CONCELLO DE
PARADELA



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



